

vilalba

A capital chairega estreará unha serie de sesións de escape rooms do GDR. **Páx. 5**

castro de rei

As festas de Castro Ribeiras de Lea e a Malla marcan o programa de agosto. **Páx. 12-13**

pol

París de Noia e Satélites darán lustre á XL edición da Festa do Emigrante. **Páx. 14**

cospeito

Muimenta volverá contar cunha nova edición do Festival Pozomouro. **Páx.21**

xermade

Setembro será o mes no que regresará o Encontro de Torneiros da Madeira. **Páx. 22**

A comarca, preocupada pola atención sanitaria



O Concello de Vilalba ultima o programa festivo

Presentaron as citas principais para unhas festas que comearán a partir do 22 de agosto. **Páx. 2**

A Deputación inviste en estradas

O ente provincial adxudica obras de mellora en diferentes concellos da comarca. **Páx. 24**

A Malla de Meira



Reportaxe sobre como se organiza este evento de Interese Nacional. **Páx. 14**

A fortaleza da regueifa



Entrevista a Almudena Falcón, profesora no Basanta Silva. **Páx. 25**

CD Castro FS masculino



O seu adestrador, Manuel Martínez, resume unha gran tempada. **Páx.29**

Estudan o aumento de centenarios

RENACE é un proxecto que busca os biomarcadores do envellecemento saudable. **Páx. 26-27**

REBAIXAS

NOVALUX
óptica & centro auditivo

É O MOMENTO
DE RENOVARSE
30% e 50%
EN GAFAS DE SOL

Vilalba 982 51 01 00
981 45 15 04 As Pontes

N.R.S. 6-27-000361 / E-37-000323 • N.R.S. 6-15-000024 / E-15-001170

Logran unha axuda para renovar a cuberta do pavillón municipal

O Concello de Vilalba conseguiu unha nova subvención para continuar co proceso de renovación da cuberta do pavillón municipal, solucionando desta forma os problemas de filtracións de auga no inverno.

“Esta actuación, na cuberta da zona dos novos vestiarios, súmase ás obras que fixemos hai uns meses para renovar a cuberta na zona na que estaba máis deteriorada”, explica Marta Rouco.

A alcaldesa encargouse persoalmente de tramitar esta subvención, por un importe de 60.000 euros para a mellora da eficiencia enerxética a través do Fondo de Cooperación Local. Ademais dos traballos na cuberta, instalárase un sistema de aerotermia nos vestiarios, “máis eficaz para queantar este espazo que os radiadores”.

Por outra parte, Rouco manterá mañá en Santiago unha reunión co secretario xeral para o Deporte da Xunta, José Ramón Lete, para pedir “a ampliación do pavillón e o novo alumeado para o estadio

da Madalena, que xa solicitamos anteriormente”.

“O noso compromiso coas instalacións deportivas reflíctese en feitos e obras, financiadas grazas aos acordos que xestionamos con outras administracións e fondos municipais. No último ano, renovamos o céspede do estadio da Madalena, que conta tamén cunha nova estrutura para o control de acceso do público e venta de entradas, e a cuberta dun dos almacéns”, afirma a alcaldesa de Vilalba.

“No pavillón do CEIP Mato Vizo, renovamos a pista, a cuberta dos vestiarios, instalamos unha bomba de calor por aerotermia, e cambiamos as fiestras e as luminarias”, engade, “e no pavillón do CEIP Insua Bermúdez tamén actuamos na cuberta, fixemos a limpeza e reparación da fachada co selado de gretas, tarefas de pintado e a substitución do termo de auga quente de 200 litros por unha bomba de calor de 1.000 litros”.

Fan melloras no pavillón do CEIP Insua Bermúdez

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, acompañou á directora xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, Natalia Prieto, durante unha visita ás obras de mellora da eficiencia enerxética realizadas no pavillón do CEIP Insua Bermúdez.

O encontro tamén contou coa presenza dos concelleiros Luis Fernández, Eduardo Vidal e José María García-Leira, así como da directora xeral de Relacións Institucionais e

Parlamentarias, Sandra Vázquez. As actuacións levadas a cabo no recinto deportivo consistiron no cambio da cuberta dos vestiarios, a instalación de nova carpintería metálica de PVC, a substitución das fiestras e a colocación de luminarias LED. Ademais, incorporouse unha bomba de calor baseada en tecnoloxía de aerotermia, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia enerxética nas instalacións.

Presentado o avance do programa do San Ramón e Santa María

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Cultura, Mónica González, presentaron o contido da programación das festas de San Ramón e Santa María de Vilalba, que se celebrarán a partir do 22 de agosto. Serán tres semanas de celebración que se inaugurarán coa tradicional xira campestre, á que seguirá a xira dos maiores. As celebracións oficiais darán comezo coa lectura do pregón, que estará a cargo das irmás Purriños, ao mesmo tempo que se fará entrega do premio do Certame Literario.

A alcaldesa subliñou que este ano haberá dous días de programación exclusiva infantil, “porque os nenos son os que máis disfrutan das festas”. A intención é volver firmar un convenio con Entrepinares para sufragar estas actividades, entre as que haberá o concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona e unha festa da escuma.

A xira da terceira idade, será o mércores 27, coa participación do dúo Venus, o máis solicitado polos homenaxeados. “Queremos que os maiores sexan protagonistas por un día que estamos seguros que o farán”, recalcou Marta Rouco.

As dúas representantes do Goberno remarcaron o interese social das festas “significan moito para as veciñas e son punto de reencontro dos veciños que viven fóra e regresan polas festas” e explicaron que o programa seguirá ampliándose para ser detallado no Libro das Festas, que se edita todos os anos e que nesta ocasión conta co patrocinio da Asociación Cultural Festas Patronais de Vilalba. A tradicional xira terá lugar do 22 ao 24 de agosto. A noite do venres haberá DJs e grupos locais. O sábado estará a orquestra Límite e Los Key e o domingo A Silva.

Na semana do 27 ao 31 arrancará coa xira de maiores, seguida do Día da Bicicleta, o 29 de agosto, organizada pola Casa da Xuventude. O sábado 30 será o día central, coa entrega do premio do Certame Literario, os pregón e dúas actuacións, Xosé Lois, con Aliboria e á noite haberá DJs, con Marcos Peón, Frisco e Zalo. Non faltarán os pasarrúas e a clásica actuación da Banda de Música de Vilalba, que se combinará coa música das orquestras New York e Triunfo.



Na última semana comezarán co día dedicado a Santa María e rematarán coa celebración do día da Feira e Día da Parroquia, que este ano corresponde a Rioaveso. Los Españoles e Panorama City completan o apartado musical o día da Patroa e seguirán os días infantís, os días 2 e 3 de agosto.

O venres 5 haberá unha foliada coa participación dun grupo, pero se está traballando en xuntar máis grupos. Tamén contarán co certame de bandas Pepe Guntín e a música correrá a cargo de La Nave e o grupo Arizona.

O último día de festas rematará cunha sesión vermú e logo un tardeo, xa que o luns será o día no que se inicie o curso escolar.

Na parte deportiva, o día 6 será a Carreira Nocturna dentro do circuíto de carreiras da Terra Chá.

CONVENIO CON ENTREPINARES



O Concello de Vilalba e o Grupo Entrepinares renovaron o seu acordo de colaboración para levar a cabo diversas actividades lúdicas e recreativas dirixidas a nenos e nenas. A empresa patrocinará os días infantís das festas, que se celebrarán os días 2 e 3 de setembro con inchables, simuladores, festa da espuma e o concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es

Xunta e Concello debaten a construción dunha parada de bus

A directora xeral de Mobilidade, Judit Fontela, reuniuse coa alcaldesa, Marta Rouco, para abordar o futuro da estación de autobuses do concello.

No encontro, Judit Fontela trasladoulle a rexedora a necesidade de avanzar na utilización do inmoble da actual estación para outros usos e instou ao Consistorio para que ceda á Administración autonómica os terreos necesarios para poder executar unha nova parada de autobuses en substitución da estación pechada. Na reunión, a directora xeral lembrou que a Xunta realizou recentemente un estudo das posibles situacións da parada co obxectivo de dar resposta ás necesidades actuais con



respecto á terminal, dado que nin a súa localización nin o seu dimensionamento son xa axeitadas. De feito, o Goberno galego xa trasladara en encontros anteriores á alcaldesa a

necesidade de pechar a estación debido a que está situada lonxe do centro urbano e o número de viaxeiros que a usan é moi reducido respecto ao espazo que ocupa.

Constituída a agrupación local de Xuventudes socialistas de Galicia

As Xuventudes Socialistas de Galicia (XSG) constituíron a súa agrupación local en Vilalba, co obxectivo de reforzar a organización da mocidade socialista no municipio e consolidar a estrutura das XSG na provincia.

A agrupación estará encabezada por Sandra Morado, como Secretaria Xeral, acompañada por Paula Vigo Lamas, que asumirá a Secretaría de Organización e Igualdade, e por Jesús Río Iglesias, como Secretario de Política Municipal. O novo equipo comprométese a reivindicar os intereses e as demandas da mocidade vilalbesa.

No acto de constitución participaron a Secretaría de Organización do PSdeG, Lara Méndez López; a Secretaria Xeral da agrupación de Vilalba,



Marta Rouco; o Secretario Xeral das XSG, Xurxo Doval; e a coordinadora provincial de Lugo, Eva Blanco. Os socialistas expresaron o seu apoio ao novo equipo e destacaron a importancia de que a mocidade conte cunha estrutura organizada.

“Desde o PSdeG-PSOE celebramos a

reorganización desta agrupación local, convencidos de que contribuirán a reforzar a presenza socialista en Vilalba e a sumar esforzos para avanzar nas políticas públicas que defenden os dereitos da mocidade en ámbitos clave como a igualdade, a vivenda ou a educación”, dixeron.

Supervisan o estado dos peches das leiras urbanas

O Concello de Vilalba vén de iniciar o proceso de comunicación aos propietarios de solares urbanos que incumpren a ordenanza xeral de protección do medio ambiente urbano ao non manter limpas e pechadas as súas parcelas.

Logo de realizar unha revisión xeral dos solares urbanos que non foron liberados de vexetación antes do 30 de xuño, data límite establecida, o Concello de Vilalba comezou o envío de requirimentos para que os propietarios de solares urbanos procedan á súa limpeza e peche, naqueles casos nos que as parcelas non contén co cercado correspondente.

Nesa liña, as persoas notificadas dispoñen de 15 días naturais para levar a cabo os traballos necesarios; sendo preciso acreditar a realización dos mesmos mediante unha comunicación por instancia xeral na que se axunten as fotografías que amosan a adecuación dos solares á ordenanza xeral de protección

de medio ambiente.

“Desde o Concello apelamos á responsabilidade dos propietarios para que manteñan os seus solares en condicións adecuadas, cumprindo a normativa vixente. É unha cuestión de limpeza, salubridade e tamén de respecto á contorna urbana e aos veciños”, afirmou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. Naqueles casos nos que pasados os 15 días naturais dende a recepción da primeira comunicación non se realizaron as actuacións requiridas, o Concello de Vilalba iniciará a tramitación do procedemento sancionador tal e como establece o artigo 45 da ordenanza xeral de protección do medio ambiente urbano.

Así, os propietarios de solares que non atendan o primeiro requirimento, expóñense a unha sanción de 9,02 euros por metro lineal no primeiro requirimento e de 18,03 no segundo para o suposto de incumprimento da obriga de peche de solares.

PREMIO PARA O QUIEXO SAN SIMÓN



O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou “o valor do traballo artesanal e o compromiso coa calidade” que representa a queixería Don Crisanto de Vilalba, trasladando os parabéns a esta empresa familiar polo recoñecemento recibido nos Premios Alimentos de España 2025.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

Nausti celebra un xantar popular o 15

A Asociación veciñal ARC Nausti celebra o 15 de agosto a XII edición da Comida de Portariz, que se desenvolverá a partir da 13.30 na que está prevista unha sesión vermú. O xantar, ás 14.30 horas, terá como menú empanada, lacón asado, churros, polbo, sobremesa e café, todo a un prezo de 36 euros para socios e 42 para non socios cos nenos gratis ata os 12 anos (15 euros a partir desa idade). Para participar será necesario reservar antes do 11 de agosto nos teléfonos de Veva (625 521 113), Pili (687 333 614) e Mª Carmen (649 179 291). Ademais do xantar, haberá a media tarde un baile amenizado polo grupo Epo-K.

Festas o día 15 en San Simón da Costa

San Simón da Costa dará comezo o venres 15 ás súas festas na honra a Nosa Señora cunha misa solemne, procesión e sesión vermú co grupo Galaxia, que terá dobre sesión na verbena da noite, xunto a Galia. O 16, é a quenda de Zona Zero, que se encargará de amenizar a sesión vermú e a verbena coa orquestra de Canarias, Furia Joven. O domingo, o trío Merengue pechará as festas. Ámbolos dous días, a xornada relixiosa será á mesma hora co venres.

Insua festexa a San Bartolo a final de mes

Insua prepárase para as súas festas en honra a San Bartolomé durante os días 22, 23 e 24 de agosto. O venres 22, ás 22:00 horas, comezará a festa cunha liscada e chourizada gratis amenizada por La Hora Bruja. O sábado 23 haberá misa ás 13:30 horas, seguida dunha sesión vermú a cargo do Trío Mar de Caión. Pola noite, repetirán actuación, acompañados do grupo Tania Veiras e Los Cumbiipop. As celebracións rematarán o domingo 24 cunha nova misa solemne e procesión ás 13:30 horas, seguida dunha sesión vermú amenizada polo dúo Venus.

O Concello planea varias obras ata final de ano

O Concello de Vilalba manterá ata finais de ano o seu impulso inversor, con obras e actuacións para mellorar a vida dos veciños nas parroquias e o casco urbano. Entre as obras que se realizarán nos próximos meses, destaca a renovación da cuberta da Casa da Cultura, cun investimento de 140.000 euros. Un proxecto que conta co apoio da Deputación de Lugo e que busca solucionar as filtracións de auga e mellorar a eficiencia enerxética do edificio. Tamén rematarán as obras do novo Punto de Atención á Infancia (PAI) e avanzará a reforma da Casa do Concello, cun investimento de 1.153.605,42 euros, dos cales o 80% procede do PIREP local (Goberno central). Desde a Concellería de Infraestruturas Urbanas, levarase a cabo a creación dun sistema de sombra na avenida da Terra Chá, con plataformas elevadas, árbores autóctonas e bancos de madeira. Acometerase por outra parte a mellora do pavimento na rúa do Rego e continuarán os traballos de

rexeneración de pistas no rural por parte do equipo móbil da Deputación de Lugo, grazas á colaboración lograda dende a Alcaldía co presidente provincial, José Tomé. “Un acordo que permitiunos sumar ata agora preto de 15 quilómetros de pistas do noso rural rexeneradas”, lembra Rouco. Outra actuación servirá para a instalación de decantadores lamelares e filtros nas ETAP de San Simón e Cañotas. “Unha obra incluída no convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Vilalba, dando resposta a unha demanda veciñal para reducir os episodios de turbidez na auga potable”, explica a alcaldesa. Por outra parte, o Concello acadou dúas subvencións por importe de 204.012 euros para dous proxectos de mellora das dotacións públicas no polígono industrial: o reforzo do firme e sinalización nas rúas do Castiñeiro, Salgueiro e Acivro, e unha actuación de eficiencia enerxética do alumeadado público por un importe de 84.012 euros.



O PP pide que se garanta a recollida de lixo no rural dúas veces por semana

Os concelleiros do Partido Popular de Vilalba instan ao goberno municipal bipartito de PSOE e Vilalba Aberta a “adoptar as medidas necesarias para garantir que a recollida de lixo nas parroquias do rural se leve a cabo coa frecuencia establecida no contrato vixente”. Os populares advirten que “o actual contrato de recollida do lixo especifica que o servizo se realizará nas parroquias dúas veces por semana”, pero “nos últimos meses detectáronse numerosas incidencias que poñen en dúbida o cumprimento desta frecuencia”. Os veciños e veciñas teñen sufrido as consecuencias dos atrasos na recollida que, nalgúns casos, chegou a rexistrarse cunha frecuencia de máis dunha semana ou mesmo de dúas semanas. Así, dende o PP de Vilalba trasladan a súa preocupación ante o que consideran “non só unha mala imaxe das aldeas e unha fonda sensación de abandono institucional, senón tamén un posible problema de salubridade”. Os populares cren que “os incumprimentos e atrasos evidencian que se require un control moito máis estrito” polo que esixen que “o responsable do contrato, unha persoa designada polo Concello, desenvolva as súas funcións e poña solución as incidencias prestando especial atención ás parroquias máis afectadas e asegurando unha resposta áxil ante calquera incidencia que se produza”.

Os populares tamén preguntarán na vindeira sesión plenaria sobre a distribución e o número de colectores do lixo dispoñibles no polígono industrial. Dende o Partido Popular sinalan que o parque empresarial, como pulmón económico, “concentra un importante volume de actividade” e, como tal, xera un gran volume de residuos. Así, advirten que o número de colectores actual é “insuficiente” e queren saber se está previsto incrementar as unidades para mellorar a situación.

MADRUGADORES. Os concelleiros do Partido Popular instaron formalmente ao goberno bipartito de PSOE e Vilalba Aberta a ampliar o servizo de Madrugadores co obxectivo de garantir o acceso a todas as familias que así o solicitaron, estudando a reorganización do servizo ou outra medida que permita dar unha resposta eficaz e inmediata á demanda existente. Os populares amosan a súa preocupación porque “varias familias quedaron sen praza para o vindeiro curso neste servizo de apoio á conciliación a pesar de ter formalizado correctamente a súa solicitude”. “Esta situación pon de manifesto unha insuficiencia na planificación da oferta existente fronte á demanda real, o que impide garantir o acceso en igualdade de condicións a un recurso básico para moitos fogares do municipio”, segundo manifestan.

SANIDADE PÚBLICA



A deputada nacionalista Olalla Rodil participou xunto con militantes do BNG e veciñanza de Vilalba nunha concentración para denunciar a falta de persoal facultativo no Centro de Saúde. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) en Vilalba viven 13.381 persoas que son atendidas por 7 dos 11 facultativos cos que se debería contar, 3 menos debido a 2 xubilacións e 1 baixa. Tamén se sofre unha redución de persoal no servizo de enfermería, no cal non se están cubrindo as vacacións dos profesionais. O mesmo pasa co servizo de pediatría onde en Vilalba existen 2 prazas e a día de hoxe as crianzas non teñen atención pediátrica.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

O Concello abrirá o prazo para as escolas deportivas en setembro

O Concello de Vilalba abrirá o prazo de inscrición nas escolas deportivas municipais para o vindeiro curso, 2025-2026, do 10 ao 19 de setembro, ambos incluídos.

Así vén de confirmarse logo da publicación das bases que rexeiran o funcionamento das escolas deportivas municipais a vindeira anualidade, na que se ofertan 662 prazos en 14 modalidades deportivas diferentes, que inclúen actividades para todas as idades.

“Dende o Concello seguimos apostando polo deporte como ferramenta de benestar, saúde e cohesión social. As escolas deportivas municipais son xa unha proposta consolidada e moi valorada pola veciñanza” afirmou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

No que se refire ás modalidades deportivas, o vindeiro curso segui-

rán ofertándose: baloncesto, fútbol, fútbol sala, judo, loita olímpica, tenis, tenis de mesa, triatlón, ximnasia rítmica, rugby, ioga, pilates, ximnasia de mantemento para maiores e patinaxe.

Para inscribirse, as persoas interesadas poderán facelo do 10 ao 19 de setembro, presencialmente no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00, ou se o prefiren a través da sede electrónica ou da web de alugueiro de instalacións e inscrición en actividades.

“É unha satisfacción poder seguir medrando, ampliando a oferta e á súa vez, mantendo actividades dirixidas tanto á infancia como ás persoas maiores, porque queremos que toda a cidadanía atope o seu espazo para activarse, aprender e compartir”, concluíu a rexedora vilalbesa, Marta Rouco.

CAMPAMENTO DE VERÁN



A alcaldesa, Marta Rouco, e a concelleira de Infancia e Xuventude, Paula Vigo, asistiron ao acto de peche da primeira quenda dos campamentos municipais organizados polo Concello. Unha actividade coa que a administración local busca facilitar a conciliación das familias durante o período estival e ofrecer alternativas de lecer educativo para os máis pequenos.

O GDR organiza ‘escapes rooms’ para impulsar o turismo interior

Catro Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) galegos —Terras de Miranda, Seitura, Montes e Vales Orientais e Terra Chá, este último como entidade coordinadora— puxeron en marcha un ambicioso proxecto de cooperación co obxectivo de dinamizar o turismo interior e poñer en valor o patrimonio cultural e natural dos seus territorios.

A iniciativa consiste na creación dunha rede de *escape rooms*, repartidas entre os catro GDR. En total, desenvolveranse dous en Terra Chá, dous en Montes e Vales Orientais e tres en cada un dos outros dous territorios participantes, o que permitirá que os visitantes descubran as singularidades locais a través dun formato lúdico e participativo.

O proxecto será presentado oficialmente no mes de agosto, antes do primeiro, que será o 29 de agosto ás 17:00 horas na Praza de Santa María de Vilalba. A primeira *escape room* estará ambientada na figura histórica dos Andrade, unha temática común a varios dos espazos que se proporán ao longo da campaña.

Posteriormente, o 25 de outubro, celebrarase outra das probas na parroquia de Gontán, no concello de Abadín.

A participación nas actividades é gratuíta, mais será preciso inscribirse a través dunha plataforma en liña habilitada especificamente para o proxecto. As probas están pensadas para todos os públicos e permitirán aos asistentes descubrir os recunchos máis descoñecidos de cada territorio mentres resoven



enigmas e desafíos relacionados coa historia e cultura local.

Ademais da experiencia en si, o proxecto ofrece incentivos adicionais: todos os participantes que completen a proba entrarán no sorteo dunha cesta con produtos típicos das catro comarcas implicadas. Ao finalizar cada *escape room*, celebrarase tamén unha degustación aberta ao público, na que se poderán saborear produtos locais.

Os gañadores das diferentes edicións recibirán como premio experiencias sorpresa noutros territorios, co fin de seguir promovendo o intercambio cultural e a conexión entre zonas rurais galegas.

Con esta proposta, os GDR buscan fomentar o turismo sostible, atraer visitantes durante todo o ano e ofrecer unha alternativa innovadora de lecer vinculada ao coñecemento e ao territorio, consolidando así novas formas de dinamización rural.



Alumnos do IES Lois Peña Novo gañan un dos premios Innovatech FP

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, presidiu a entrega de premios da segunda edición do certame InnovaTech FP a centros da Coruña, Culleredo, Ferrol, Lugo, Vilalba, Maceda, Ourense, Xinzo de Limia, Pontevedra e Vigo, dotados con 10.000 euros para o desenvolvemento do proxecto.

Román Rodríguez destacou o éxito de InnovaTech, “en cuxa primeira edición participaron 10 empresas, nesta segunda foron 20 e moitas delas repetiron”.

Recalcou tamén o conselleiro que con estas iniciativas “promovemos o emprendemento entre os máis novos, dado que os gañadores van poder agora intentar facer realidade as súas propostas”, explicou.

O IES Lois Peña Novo foi gañador no reto 9, unha plataforma dixital para a xestión optimizada de recursos e persoal en grandes eventos

Os rapaces gañadores presentaron como solución unha plataforma dixital que optimiza a xestión de recursos e persoal en grandes eventos, mediante unha aplicación para organizadores e outra para asistentes. Facilita comunicación, seguimento en tempo real, predición de necesidades e mellora a eficiencia, sostibilidade e experiencia global dos eventos.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES



TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS



TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS



TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS



RYS SESACAR
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com



Entregan os premios do sorteo de turismo

Tivo lugar no parque municipal fronte á Casa do Concello a entrega dos premios do concurso-sorteo Pícnic Verán, organizado pola Concellería de Turismo do Concello das Pontes para dar a benvinda ao verán e fomentar o consumo no comercio e hostalería local.

Os premios foron entregados pola concelleira delegada da área de Turismo, Elena López, acompañada pola concelleira delegada da área de Cultura, Lorena Tenreiro, quen fixeron entrega dos lotes ás dúas gañadoras do concurso: Elena Bouza, a través de Instagram, e Ana Belén Almeida, a través de Facebook. Ambas amosáronse moi contentas por todos os agasallos recibidos e manifestaron o seu interese por estreir a cesta de pícnic esta mesma fin de semana na praia con bandeira azul do lago das Pontes.

Cada lote incluía unha cesta de pícnic equipada con menaxe reutilizable, un vale de 50 € para gastar no comercio e hostalería das Pontes, dúas entradas de cine para a Casa Dopeso, un suadoiro de Turismo As Pontes, o folleto turístico Explora As Pontes, o libro de fotografías his-

tóricas Daquela As Pontes e o libro-cómic O cabaleiro García Rodríguez, o das Pontes.

Ademais, a Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios das Pontes (Cohempo) quixo sumarse a esta iniciativa de promoción turística impulsada polo Concello, facendo entrega de dous exemplares da revista oficial das Festas do Carme e a Fraga 2025, así como de bolsas e pulseiras conmemorativas da Festa da Fraga e da campaña "Orgullo Pontés".

Montse Gastelu, presidenta de Cohempo, sinalou que "é moi satisfactorio poder colaborar con este tipo de iniciativas que buscan impulsar un sector en crecemento como é o turismo, sumando esforzos entre o sector privado e o Concello para poñer en valor todo o que As Pontes pode ofrecer".

As concelleiras Elena López e Lorena Tenreiro destacaron que "estas campañas serven para mellorar o posicionamento das nosas redes de promoción turística, que acadaron máis de 100.000 visualizacións no mes de xuño nas contas de Facebook e Instagram".

Traballadores de Einsa Print péchanse en protesta polo ERE

Celebrouse a última reunión do período de consultas do novo ERE presentado por Einsa Print, toda vez que a empresa se negou a ampliar as negociacións, malia non ter entregado á parte social documentación relevante como as contas auditadas do ano 2024. A xuntanza rematou sen acordo, xa que o persoal entende que este ERE é unha fraude e que non existen as causas sobrevidas coas que a dirección pretende xustificar o despedimento colectivo.

Agora a empresa dispón de 15 días para comunicar se executará o ERE, que finalmente afectaría a 99 persoas.

A empresa, sinala o secretario da CIG-Industria de Ferrol, Vicente Vidal, pechouse na súa postura e nin sequera foi posíbel avanzar un acordo de indemnizacións, posto que Einsa Print quere abonar as cantidades en dous prazos. Algo que o persoal non está disposto a asumir como tampouco asumirá contías que non sexan equivalentes a recoñecer un despedimento improcedente.

Ademais, a central trasladou a súa desconfianza sobre as garantías ofrecidas pola empresa para o abono do segundo prazo das indemnizacións "que nada máis que vincula á venda da nave de Penapurreira". Neste contexto, a CIG reiterou que non existen causas para este ERE, que é igual que o aplicado en 2023, no marco do que se asinou un compromiso de mantemento do emprego até decembro de 2026 que non está cumprindo. Por iso, Vidal xa avanzou que a central impugnará o ERE, no caso de Einsa



Print executar os despedimentos. Na véspera da xuntanza, o mércores, os traballadores e as traballadoras protagonizaron un peche no salón de plenos do Concello das Pontes para manifestar o desacordo coa medida da empresa e defender o seu dereito a un emprego digno. No marco desta acción, mantiveron un encontro co alcalde do municipio para que lles trasladara que información ten arredor de posíbeis actividades que se instalen nas naves e terreos que Einsa ocupa no Polígono de Penapurreira, xa que as pretensións da empresa apuntan a un cambio de actividade e a dar un "pelotazo" nun concello falto de chan industrial. Neste senso, reclamaron unha aposta polo futuro do emprego e a industria na localidade, tendo en conta que máis alá dos múltiples anuncios e da propaganda non existe nin un só proxecto en marcha que garanta unha transición

realmente xusta. Precisamente Einsa Print foi a primeira empresa que se instalou no polígono ao abeiro do plan de desenvolvemento tras o peche da mina e era a compañía que maior volume de postos de traballo directos xeraba, despois da central térmica.

PECHE. O día anterior, traballadores e traballadoras de Einsa Print pecháronse este mércores no Concello das Pontes en defensa do emprego e dos seus dereitos. O persoal permanece en asemblea permanente no salón de plenos dende ás 13h, coincidindo coa véspera da última reunión do período de consultas do ERE.

A CIG reitera que non hai causas sobrevidas que xustifiquen este novo despedimento colectivo, que considera unha fraude, e advirte que o persoal non asumirá a pretensión da empresa de fraccionar o pago indemnizacións.

ebus
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebusobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBUS Obreroiro Doce

¡PREPÁRATE PARA DISFRUTAR DEL VERANO EN CASA!

construferr
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

O Concello esixe a Endesa que presente un proxecto serio e real

O Concello das Pontes advirte a Endesa, tras o anuncio feito pola empresa sobre o proxecto industrial que pretende desenvolver na antiga central térmica, que non admitirá proxectos que non sexan reais e serios.

Desde o Goberno local enténdese que calquera proxecto que aspire a implantarse neste espazo debe vir acompañado dun plan industrial definido, viable, con prazos concretos e impacto real sobre o emprego e a economía local.

“As Pontes non vai ser nunca o

concello do non polo non, pero tampouco o concello do si a todo, vai ser o concello dos proxectos sólidos, reais e comprometidos co futuro da vila”, sinala o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso. O rexedor local espera que o anuncio feito por Endesa non responda, unicamente, á estratexia de aforrar os 300.000 euros anuais de mantemento da cheminea e nese sentido, González Formoso insiste na necesidade de que “Endesa explique o contido do proxecto, os prazos de execución, o volume

real de investimento e os empregos comprometidos, para evitar repetir situacións anteriores nas que Endesa anunciou iniciativas — como a planta de hidróxeno — que nunca se materializaron. Precisamos que reafirme a súa aposta por proxectos solventes como o proxecto de Ence no parque de carbóns de Saa”.

A Administración local reafirma a súa vontade de colaborar con todas aquelas propostas firmes, solventes e beneficiosas para a vila e a súa veciñanza.



Miramontes destaca o “carácter sobranceiro” da cheminea pontesa

O director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, destacou hoxe o “carácter cultural sobranceiro” da cheminea da central termoeléctrica das Pontes de García Rodríguez, situada neste municipio coruñés. Fíxoo en resposta a unha pregunta na Comisión 6ª do Parlamento de Galicia onde explicou que a incoación para declarar Ben de Interese Cultural este espazo non supón un problema “para a implantación dun novo proxecto nestas instalacións”.

Neste senso, o representante da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude puxo en valor o compromiso do Goberno galego e afirmou que a Xunta de Galicia “apoiará calquera iniciativa, sempre que xere riqueza e emprego e cumpra coa lexislación vixente desde o punto de vista técnico e medioambiental”.

Tal e como lembrou Miramontes, os trámites para declarar Ben de Interese Cultural a cheminea das Pontes

iniciáronse por segunda vez o pasado mes de marzo tras o alto interese trasladado ao Goberno galego por parte da veciñanza, do Concello e da Deputación da Coruña e despois de que no primeiro intento non se contase cos informes favorables de cando menos dous órganos consultivos, esixidos pola Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Deste xeito, desde o comezo deste procedemento á cheminea xa se lle aplica de forma inmediata e provisional o máximo réxime de protección como ben representativo do patrimonio industrial de Galicia. Precisamente, na incoación, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude salienta o feito de que para os veciños e veciñas das Pontes esta infraestrutura “deixou de ser simplemente un elemento industrial para converterse nun símbolo da identidade local, ao representar unha era de crecemento, desenvolvemento e transformación, tanto a nivel local

como social”.

Ao respecto, o expediente recolle que esta instalación é un “referente local simbólico” da importante actividade de xeración eléctrica no panorama do Estado e que se produciu desde este concello coruñés. Nesta liña, salienta que, como consecuencia deste “forte vencello” entre a poboación da vila das Pontes e esta infraestrutura, e perante as dúbidas sobre o seu posible futuro, máis de 2.200 veciños e veciñas desta localidade achegaron esta reclamación, a través da Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial das Pontes, para que obtivese a declaración como Ben de Interese Cultural.

A cheminea da central termoeléctrica das Pontes é unha construción de formigón armado cunha base de 36,40 metros de diámetro e cunha altura de máis de 356 metros, e cun grosor entre 110 e 30 centímetros.



O peche da planta libera máis de 2.100 litros de auga para novos usos

O director de Augas de Galicia, Roi Fernández, informou ao alcalde, Valentín González, de que nuns meses estarán dispoñibles máis de 2.100 l/s de auga para novos usos, unha vez finalice o trámite da modificación concesional iniciada pola administración hidráulica. Segundo lle trasladou ao rexedor, logo do desmantelamento da central térmica de Endesa, estase modificando a concesión de auga que tiña outorgada xa que o consumo da planta de ciclo combinado é duns 390 l/s en vez dos 2.560 l/s anteriores. Isto permitirá que Au-

gas de Galicia poida outorgar eses 2.100 l/s a novos usos.

Nesa liña, Roi Fernández lembrou que, segundo indica o Plan Hidrológico de Galicia, eses usos se concederán en trámite de competencia e se primarán os usos de abastecemento antes que os industriais, así como aqueles de maior eficiencia. De feito, Augas de Galicia ponderrá criterios ambientais, sociais e económicos á hora de outorgar novas concesións tendo en conta tamén que o municipio das Pontes se localiza nunha das chamadas zonas de transición xusta.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com



70 nenos participaron nos campamentos urbanos

Un total de 70 nenos e nenas, con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos, participan, durante o mes de xullo, nos campamentos urbanos de verán que organiza o Concello das Pontes a través da Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación, coa colaboración do CIM. A concelleira da área, Tania Pardo, achegouse ata as instalacións do CEIP A Magdalena para intercambiar impresións co persoal responsable do campamento e cos nenos e nenas participantes desta iniciativa municipal que, en palabras da edil ten como obxectivo prioritario, “axu-

dar ás familias das Pontes a conciliar a vida persoal e laboral durante o período estival e ao mesmo tempo tratar de desenvolver entre as pontesas e ponteses máis pequenos actitudes positivas e valores esenciais para o seu crecemento persoal”. Cada semana os rapaces e rapazas afondarán nun determinado valor social a través da música, obradoiros de anualidades, de xoguetes non sexistas, contacontos, práctica de deportes alternativos, obradoiros de reciclaxe, de decoración u obradoiros de coresponsabilidade, entre outros.

A nova edición de ‘Mar de Lecer’ xa ten data de celebración

O Concello das Pontes prepárase para vivir unha nova edición do Mar de Lecer o vindeiro 8 de agosto, un evento cultural e lúdico organizado desde o departamento de cultura para celebrar un novo aniversario do lago das Pontes, símbolo da transformación ambiental e do compromiso coa sustentabilidade. A programación está deseñada para ofrecer unha tarde-noite de entretemento, cultura e música para todos os públicos, cunha variada oferta de actividades no propio entorno do lago. A festa comezará ás 18:00 horas co espectáculo GHOP da compañía Teatro ao Cubo, un espectáculo de variedades de rúa, participativo e pensado para todos os públicos, con especial enfoque nas familias. A montaxe desenvolve unha estética lembrando os circuitos ambulantes clásicos, combinando clown, acrobacias, maxia, malabares e monicreques nun ambiente cheo de humor

e enerxía. Ás 20:00 horas, Trapu Zaharra Teatro Trapero presentará Dale Ramón, unha proposta teatral chea de humor, retranscra e crítica social, na que se presenta un mundo posapocalíptico onde unha firma comercial lanza ao mercado búnkers de luxo como solución ao “gran colapso”. Para promocionar este produto organiza un concurso en directo, que se celebra sobre unha pista portátil. Un concursante debe afrontar probas cada vez máis absurdas e humillantes, mentres o público participa apostando sobre o seu éxito. A música tomará o relevo ás 21:30 horas co concerto de A Banda da Loba, referente da música galega actual que presentará o seu quinto traballo discográfico, titulado Lovismo, un álbum que pon o amor no centro: amor propio, amor romántico, amor maternal, amor pola terra e pola lingua, e tamén pola sororidade e os afectos cotiáns.

O disco, publicado en xaneiro de 2025, propón unha viaxe musical e emocional a través de once temas que mesturan pop, rock, folk, ska e ata bachata, con letras que beben da poesía galega contemporánea —de autoras como Luísa Villalta ou Olga Novo— e tamén da creación propia. Ás 23:00 horas, o ceo das Pontes iluminarase cun espectáculo pirotécnico sobre o lago, que se converterá no gran protagonista da xornada. A celebración pecharase a partir das 23:15 horas coas sesións de Dillei Alex Romero, unha das voces musicais locais con máis presenza nos eventos da comarca, levando a música a distintos espazos tanto da vila como de lugares próximos, con sesións en inauguracións, pubs, clubs e festas populares, que porá o ritmo final a unha noite para lembrar. Mar de Lecer, forma parte das accións promovidas polo Concello das Pontes para celebrar o valor ecolóxico, paisaxístico e social do lago.

LESNEVEN



O Concello das Pontes deu a benvinda oficial á delegación da vila bretona de Lesneven, no marco do tradicional intercambio cultural promovido polos comités de irmandamento de ambas localidades. A expedición bretoa, composta por 49 persoas maiores de 12 anos, permaneceu nas Pontes ata o 4 de agosto.

Manuel Barro expón as súas maquetas na asociación de veciños da Magdalena

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, visitou a exposición de maquetas de Manuel Barro, veciño pontés, apaixonado do modelismo, na Asociación de Veciños da Magdalena. A mostra, aberta ao público desde as 16:00 ata as 21:00 horas, recolle unha ampla colección de maquetas elaboradas a man por Barro, entre as que se atopan avionetas, maquinaria agrícola, barcos, motocicletas, camións e moitas outras reproducións.



R.S. C-27-001184

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

- **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
- **ECOGRAFÍA**

- **TRATAMIENTOS CON LASER**
- **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
- **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS

ATENCIÓN A DOMICILIO
HORARIO DE VERANO
Lunes, miércoles y viernes de 9:00 a 15:00h.
Martes y jueves de 9:00 a 20:00h.
Campo de Puente, 20 Bj.
Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65
Urgencias: 609 72 97 12

Oferta de empleo

Creando. Futuro. Juntos.

¿Qué buscamos?

Buscamos mediadores que tengan aspiración y proyección de futuro, ganas de progresar y capacidad para poner en marcha nuevos proyectos.

Funciones:

- Búsqueda, captación y fidelización de clientes.
- Asesoramiento personalizado a clientes.

Requisitos:

- Titulación oficial mínima requerida: estar en posesión del título graduado en Educación Secundaria (ESO) o equivalente.

Contacta con nosotros

Jesús Ángel Martínez Quelle, gestor de negocio Galicia Este
Rúa do Concello, 3 Enlla., 32003, Ourense
T 955 904 488, M 680 705 802
jesus-angel.martinez@helvetia.es

¿Qué ofrecemos?

Incorporación a nuestro Plan de Agentes Exclusivos con las siguientes ventajas:

- Formación especializada, para seguir creciendo como profesional del sector asegurador.
- Atención constante al mediador por parte de nuestras sucursales.
- Ambicioso desarrollo profesional y personal.
- Contrato mercantil.

simple. claro. helvetia

Tu aseguradora suiza

Comeza a renovación do alumado das parroquias

O Concello das Pontes vén de anunciar a licitación do proxecto de execución das obras de mellora da eficiencia enerxética e redución da contaminación lumínica na rede de alumado público das parroquias do municipio.

Esta actuación, cun orzamento de 128.630 euros con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, ten como obxectivo modernizar o sistema de iluminación exterior. A intervención suporá a substitución das luminarias actuais por novas luminarias solares tipo LED, que presentan un rendemento enerxético superior aos 125 lm/W e unha vida útil estimada de máis de 50.000 horas.

Estes dispositivos, ademais de permitir un aforro significativo na factura eléctrica municipal, contribuirán á redución das emisións de CO₂, á mellora da calidade ambiental e ao cumprimento das directrices europeas e estatais en materia de eficiencia enerxética e uso de fontes renovables.

A solución técnica proposta conservará, na maior parte dos casos, a localización actual dos puntos de luz, así como os cadros de mando existentes. As novas luminarias estarán

equipadas con módulos solares autónomos, baterías substituíbeis cunha duración mínima de cinco anos, paneis solares con vida útil superior a dez anos, autonomía lumínica de 10 horas ou máis e sistemas de programación horaria e por niveis de luminosidade.

Este proxecto responde tamén á necesidade de minimizar a contaminación lumínica, co uso de ópticas e sistemas de iluminación que respectan a normativa ambiental e favorecen a protección da biodiversidade nocturna.

O proxecto inclúe tamén un plan de mantemento específico, co obxectivo de garantir o correcto funcionamento e conservación das instalacións ao longo do tempo, tendo en conta factores como o envellecemento dos materiais, a acumulación de sucidade ou os posibles danos mecánicos.

Desde o Concello das Pontes destácase que esta actuación supón un paso máis no compromiso coa sustentabilidade, a eficiencia enerxética, apostando por tecnoloxías que melloran a calidade de vida da veciñanza e reducen o impacto ambiental das infraestruturas públicas.



O Concello e a asociación Seara achegan posturas sobre o futuro industrial

A Asociación de Empresarios Seara continúa coa súa axenda de reunións periódicas co Concello para tratar asuntos que afectan ao tecido empresarial da localidade.

Durante o encontro, abordáronse temas como a situación actual dos polígonos industriais e posibles proxectos de mellora, as novas iniciativas empresariais interesadas en instalarse nas Pontes, a aplicación do orzamento municipal na área industrial e o estado dos pagos pendentes, entre outros asuntos de interese para o sector.

Desde a asociación agrádecese a

disposición do alcalde, Valentín González, e dos concelleiros Ana Pena, Roberto Rivera e Manuel Rodríguez, por atender as peticións do empresariado local e comentar aspectos que preocupan ás empresas do municipio.

A Asociación de Empresarios Seara das Pontes mantén o seu compromiso de seguir traballando de maneira coordinada coas administracións para potenciar o desenvolvemento económico e industrial das Pontes e ofrecer apoio ás empresas que operan ou desexan instalarse no municipio.



Ribadeume comeza cunha verbena as súas festas de agosto

Ribadeume, nas Pontes, dá comezo o venres 9 ás súas festas na honra a Santa María e San Roque cunha verbena amenizada polos grupos Origen e Antha.

O sábado 10, a xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa e procesión acompañada por Canavella. Seguidamente, haberá unha sesión vermú prolongada, a cargo de CQC.

O xoves 15 de agosto, a maiores da misa e procesión prevista para as 12.00 horas, haberá unha sesión vermú prolongada amenizada por Maracuyá.

Inviste en Friol





CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

A programación de verán continúa as fins de semana do mes de agosto

O Concello de Friol continúa en agosto coa súa variada programación de verán. As actividades desenvolveranse no Parque Rosalía de Castro e están dirixidas a todos os públicos, cunha aposta clara polo entretemento familiar e pola dinamización cultural da vila.

A programación arrincou con dúas actuacións no mes de xullo, os últimos dous domingos. Xa en agosto, o sábado día 2, o ilusionista Dani Polo sorprendeu ao público cun espectáculo de maxia pensado para toda a familia. O sábado 9, a compañía Punto en Boca do Centro Dramático Galego porá en escena unha peza de teatro familiar que reflexiona sobre o valor dos oficios tradicionais e o papel das mulleres no mundo téxtil. A programación pecharase o domingo 24 cun espectáculo de circo e clown protagonizado por Mere Clown, con malabares, lume, equilibrios e participación do público.

Este ciclo cultural está organizado polo Concello en colaboración coa Xunta, a Rede Cultura no Camiño e o Centro Dramático Galego, garantindo así unha ampla oferta de ocio e cultura para os meses estivais.

EN BREVE

A RETORTA. A localidade da Retorta acollerá a fin de semana do 9 e 10 as festas na honra á Virxe do Carme. Haberá unha previa o venres 8, cunha churrascada e unha verbena a partir das 22.00 horas, a cargo do solista Javi Show. O sábado 9, a xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa solemne, procesión e sesión vermú con Fuxión Latina como protagonista, que fará unha dobre sesión na verbena da noite xunto a Dani Pardo. O domingo, o oficio relixioso será á mesma hora, con procesión e sesión vermú co dúo Son de Festa, que serán os encargados de dar por rematada a festa coa verbena da noite, que será a partir das 22.0 horas.

CURSOS DE NATACIÓN. O Concello impartirá cursos de iniciación e perfeccionamento de natación nas novas piscinas municipais a partir de agosto. Estes cursos, que estarán subvencionados impartiranse do 4 ao 29 do próximo mes e o número de prazas é limitado polo que é importante facer a reserva na piscina antes do 25 de xullo. Está dirixido a nenos e nenas que naceran en 2021 ou en anos anteriores. Haberá dúas quendas. A primeira será do 4 ao 14 de agosto e a segunda do

18 ao 29. O prezo será de 20 euros para socios e 30 para non socios.

PACIO. A fin de semana do 9 e 10 de agosto Pacio celebrará as súas festas na honra á Nosa Señora e San Roque. A festividade dará comezo o sábado, ás 13.30 horas cunha misa solemne e sesión vermú a cargo de Javi Show, que fará unha dobre sesión na verbena da noite xunto ao grupo Tania Veiras. O domingo, o oficio relixioso será á mesma hora e, nesta ocasión, os protagonistas da sesión vermú serán o dúo Dilema, que se encargarán de dar por finalizadas as festas.

XIÁ. A localidade de Xiá acollerá a terceira fin de semana de agosto as súas festas na honra á Nosa Señora. O prato forte serán os días 15 e 16, mentres que o xoves 14, haberá unha previa cunha churrascada gratis a partir das 21.30 horas e co dj Maikstyle como acompañamento musical. O venres, a xornada comezará ás 13.00 horas cunha misa solemne, sesión vermú e verbena pola noite a cargo da orquestra Compostela. O sábado, o protagonista da verbena será a orquestra Alianza. A maiores, haberá misa e sesión vermú, á mesma hora.



A Rapa das Bestas reuniu a centos de persoas

A comunidade do monte veciñal de Carballo, en Friol, celebrou este domingo 27 de xullo unha nova edición da súa tradicional Rapa das Bestas, cun grande éxito de participación e público, nun día marcado polo bo tempo e a festa.

A actividade, que forma parte dun proxecto orientado á recuperación do Cabalo de Pura Raza Galega, comezou a primeira hora da mañá coa busca das bestas no monte por parte de veciños a pé, cabaleiros e amazonas, que as conduciron ao curro.

O momento máis agardado da xornada chegou ás 12.00 horas coa loita corpo a corpo entre os aloitadores e os animais, un espectáculo

cargado de emoción no que se puxo especial atención ao coidado das bestas e á aplicación dos tratamentos sanitarios correspondentes. Ao remate, fíxose entrega de recoñecementos aos aloitadores e cabaleiros participantes. A mediodía tivo lugar un xantar popular a base de churrasco.

Xa pola tarde, a festa continuou coas carreiras de galope, a partir das 17.30 horas, entre cabalos cruzados e puros, nas que se repartiron premios de entre 150 e 72 euros. A xornada pechouse cunha animada xincana, que contou tamén con oito premios, os catro primeiros entre 100 e 30 euros, e outros catro de 20 euros.

Friol rendeu homenaxe aos maiores

O Concello de Friol celebrou un ano máis a súa tradicional Festa da Terceira Idade, unha xornada entrañable dedicada a homenaxear aos nosos maiores, recoñecendo o seu esforzo, compromiso e a pegada fonda que deixaron no desenvolvemento do municipio.

Nunha emotiva intervención, o alcalde tamén tivo palabras para aqueles veciños e veciñas que, por razóns de saúde, non puideron asistir á celebración: “Desexámoslles unha pronta recuperación e esperamos contar con eles o vindeiro ano”.



Haberá bus de ida e volta a Melide nas festas

O Concello de Friol volverá poñer, logo do éxito de anteriores edicións, un autobús nocturno durante as festas de Melide desde a localidade ata a vila de ida e volta. Esta acción ten como obxectivo ter maior seguridade vial nesta noite de festa.

Así, o autobús sairá os días 14, 15 e 16 de agosto ás 0.00 horas e terá a volta ás 6.30. Recollerá

aos veciños entre a gasoleira e o Club Fluvial facendo parada en todos os bares.

Os que desexen usar este servizo de bus deberán inscribirse antes do venres 11 no correo xuventude@concellodefriol.es ou no teléfono 637 064 024.

O prezo será de 3 euros para empadroados e de 10 para non empadroados.

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062

NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

A Lareira

Taberna Galega

Restaurante

Rúa do Sol, 4

27800 Vialba, Lugo

Tel.: 982 512 842

begonte

Destacan en Begonte as vantaxes da dixitalización no sector forestal

O director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), Alfredo Fernández Ríos, salientou as vantaxes de poñer as solucións dixitais ao servizo da cadea monte-industria porque permiten optimizar as operacións lóxicas das empresas do sector.

Fernández Ríos visitou en Begonte os traballos que está a realizar a pé de monte Forestal Rúa, unha empresa rematante beneficiaria do programa de axudas da Xunta para valorización de produtos en madeira; en concreto, da liña de dixitalización, que lle permitiu implantar unha plataforma integrada para a xestión en tempo real do transporte e o rastreo da madeira desde o monte ata a fábrica.

O director da Xera presenciou, así, o seu funcionamento durante unha carga de madeira no monte con destino a un serradoiro e unha fábrica de taboleiros locais. Segundo dixo,



este tipo de aplicacións permiten aos transportistas ter información actualizada sobre o estado das cargas para, así, planificar a xestión das flotas; aos rematantes, facilítalles poder xestionar de modo eficiente e automatizado a asignación de lotes; e, á industria, planificar as entradas de mercadería e automatizar os controis de acceso.

Na convocatoria do pasado ano, re-

sultaron beneficiarios un total de 29 proxectos de empresas por importe de 237.000 euros para a implantación, maioritariamente, de sistemas de captura de datos, automatización ou supervisión remota e, en xeral, de xestión da cadea de subministración. É unha liña de apoios con axudas máximas de ata 60.000 euros que aínda se pode solicitar este ano ata o vindeiro 1 de agosto.

O Festival 27373 regresa ao Club Fluvial begontés o día 9 de agosto

O vindeiro 9 de agosto celebrase no Club Fluvial de Begonte a 13ª edición do Festival 27373, unha cita xa consolidada no calendario cultural do verán lucense. Cunha combinación única de música, natureza e actividades para todas as idades, o evento volverá converter o espazo natural nun escenario vibrante e participativo.

O festival arrincará ás 13:45 coa sesión vermú amenizada por Aloumiña e Axeigo, e continuará pola tarde con xogos tradicionais como o aberto de billarda ás 17:00 e o campionato de cimbrón ás 18:00. Ás 18:30, será a quenda do teatro da man de Migallas Teatro, achegando unha proposta escénica para toda a familia.

A programación musical encherá a noite coas actuacións de Bou-

ba Pandireiteiras, Funámbula e os Ceos Quebradizos, Punk'on Keixo e Os Residuos Atractivos, bandas que ofrecerán estilos diversos pero cun denominador común: a aposta pola música en galego e a cultura alternativa.

O festival conta con entrada de balde e campamento libre, promovendo así un ambiente aberto, sostible e accesible.

A organización corre a cargo de Castiñeiro Milenario e conta co patrocinio da Deputación de Lugo, o Concello de Begonte e a Xunta de Galicia, así como coa colaboración do Club Fluvial de Begonte e outras entidades locais.

Unha nova edición que promete consolidar o espírito festivo e reivindicativo desta cita, que mestura tradición, vangarda e compromiso co territorio.

O centro de día fará unha xornada de portas abertas o día 20 de agosto

O vindeiro mércores 20 de agosto, ás 11:30 horas, o centro de día de Begonte, situado na parroquia de Baamonde, celebrará unha xornada de portas abertas dirixida a persoas interesadas en coñecer o centro e o seu funcionamento.

Durante esta sesión informativa, o equipo do centro ofrecerá detalles sobre os servizos dispoñibles, a dinámica diaria e os requisitos para solicitar praza. O obxectivo é facilitar información de primeira man ás persoas usuarias potenciais e ás súas familias, para que poidan valorar a posibilidade de acceder a unha praza neste recurso asistencial.

Para asistir á xornada é preciso inscribirse previamente, chamando aos teléfonos 982 398 004 ou 687 056 194.

Esta iniciativa busca achegar á veciñanza os recursos dispoñibles no ámbito dos coidados e da atención ás persoas maiores, promovendo un modelo de atención de proximidade e calidade no municipio de Begonte.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

Calle Santa Ana, Viveiro
Casa/Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baños | 92m² 50.000 €
En Celeiro, Lugo, este encantador chalet adosado te ofrece la combinación perfecta de comodidad y cercanía a la playa. Con una estructura de dos plantas, además, podrás disfrutar de un patio privado de aproximadamente 20 m², ideal para relajarte al aire libre o compartir momentos inolvidables con amigos y familiares. No dejes pasar la oportunidad de vivir en una zona tranquila y a pocos pasos de la playa.

Calle Abadín, Vilalba
Vivienda unifamiliar | 330 m² 305.000 €
Se vende vivienda unifamiliar, de unos 330 m², totalmente acondicionada, repartida en bajo y dos plantas. Dispone de garaje para tres vehículos y tiene un terreno a la espalda de 290 m². Ubicación céntrica, teniendo cerca todos los servicios, ambulatorio, guarderías, parques, farmacias.

Carrizo, Santaballa, Vilalba
Terreno Urbano (solar) | 1.034 m² 22.000 €
Se vende parcela edificable de 1.034 metros cuadrados, para hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso, se encuentra cerca de la charca del Alligal, aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Vilalba.

Ribadeo, Vilalba
Casa/Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 184m² 118.000 €
En Vilaba (Lugo), en zona céntrica, se vende vivienda unifamiliar, de planta baja y piso. La vivienda tiene plaza y puede dividirse en dos viviendas, ya que en ambas plantas hay cocina y baño. Necesita reforma.

Ronda de la Muralla, Lugo
Local En venta | 96 m² 180.000 €
En Lugo, en las proximidades del edificio de la Xunta, se vende local en bruto, con una superficie útil en planta de 48 metros cuadrados con altura de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso, con una superficie total en torno a los 100 m². Tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio.

Santa Cristina, Cospeito
Finca rústica | 4 Dorm | 2 Baños | 168m² 50.000 €
En la localidad de Santa Cristina, municipio de Cospeito (Lugo), se vende casa de pueblo para restaurar con dos plantas de 84 metros cuadrados cada una. En la planta baja está un hall de entrada, cocina muy amplia, un dormitorio y un cuarto de baño. En la planta alta, hay tres dormitorios con un cuarto de baño y un pequeño hall. En la parte derecha de la casa hay un anexo destinado a cuartos y en la parte izquierda tiene un horno y garaje con tejado nuevo. Frente a la casa hay otra parcela donde está el pozo de agua.

Calle Cidade de Lugo, Villalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 105 m² 135.000 €
Se vende piso amueblado, con muy poco uso, de 3 dormitorios, cocina-salón, dos baños y terraza. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad, una amplia plaza de garaje en el mismo edificio y un trastero.

Av. da Terra Cha, Villalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110 m² 80.000 €
Piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina amueblada. Dispone de calefacción de gas ciudad, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta.

Travesía Castros, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 132 m² 70.000 €
En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, piso segundo, sin ascensor, de tres dormitorios y sala, cocina, un baño y una amplia terraza cubierta. Además del piso, la propiedad también podría vender con el mismo, el bajo del edificio de unos 105 m².

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Margarita Ledo
Andión recibe o
premio José Gil

A Deputación da Coruña celebrou a primeira edición dos Premios José Gil de audiovisual, unha iniciativa destinada a impulsar a creación cinematográfica en galego e a recoñecer traxectorias destacadas no sector. Os galardóns foron entregados á cineasta e profesora Margarita Ledo, á guionista Ángela Andrada e ao documentalista Borja Casal, que recibiron 6.500 euros cada un. O xurado, formado por referentes do audiovisual galego e presidido pola deputada de Cultura, Natividade González, decidiu conceder o premio á traxectoria a Margarita Ledo, destacando o seu “compromiso firme e continuado co cinema en galego desde múltiples fronte: como creadora, como intelectual e como impulsora de iniciativas esenciais para a consolidación dun audiovisual galego forte e con identidade”.

FUNDACIÓN. A Fundación Margarita Ledo Andión continúa coa súa programación prevista ata outubro. O 8 de agosto, a actriz e escritora Ana Moreiras presentará o seu libro *A Pausa. Diario do confinamento 2020–2025*. Xa en agosto, do 22 ao 19 de setembro, abrirase a exposición multimedia *O soño de Markus*, obra de Markus Döhne comisariada por Bernardo Tejeda, que contará ese mesmo día, ás 20:00 horas, cun concerto da artista Mónica de Nut. Do 29 de agosto ao 3 de outubro poderás visitarse *Castelao [tinta invisible]*, unha escolma de materiais fílmicos, gráficos e bibliográficos arredor da figura de Castelao. Ademais, o 29 de agosto ás 19:30 h, proxectase o filme documental *O Consello de Galiza (2025)* de Xan Leira, seguído dun coloquio co director.

Arrancou a Festa da
Malla en Castro de Rei
coa tradicional sega

O concello de Castro de Rei continuará coa celebración da Festa da Malla, na que é a XXII edición. Como sempre, a festa dividírase en tres xornadas. A primeira, a sega, tivo lugar o sábado 26 de xullo, en xornada de mañá coa participación de veciños e membros da asociación.

A seguinte xornada terá lugar o 10 de agosto coa meda, que dará comezo ás 11:00 horas no campo da feira de Castro de Rei coincidindo coa feira quincenal. Para rematar, o domingo, 17 de agosto, regresa a malla, día principal da festa, que comezará ás 10:00 horas no campo da feira. Ao mediodía será o xantar popular amenizado polo dúo Meritxell.

Un ano máis esta festividade está organizada pola Asociación Amigos da Feira, que leva desde o principio ocupándose desta festa coa que se intenta recuperar unha tradición agraria da zona. As previsións estiman unha participación de 600 persoas, que é o número habitual das últimas citas. O menú do xantar deste día está composto por empanada, cachola, chourizo, sardiñas, marmelo, queixo, pan, bebida e café. O prezo da tarxeta é de 18 euros e este ano ademais, por petición popular, haberá tarxetas para nenos e nenas de ata 12 anos por 9 euros. As tarxetas poden mercarse ata o xoves 14 de agosto no Supermercado Claudio Grueira, Germán Naval Lage e Librería Maduca. As prazas son limitadas.



LUDRIO. A parroquia de Ludrio celebra a fin de semana do 16 e 17 de agosto as súas festas patronais na honra a Santa María. O sábado día 16 a xornada dará comezo cunha misa solemne con procesión ás 13.15 horas para continuar cunha sesión vermú a cargo da orquestra Fuego e a charanga Louband. Xa pola noite, a partir das 23.00, será de novo a orquestra Fuego a encargada de amenizar a noite na que tamén estará a actuación do DJ Casanova. O domingo, último día, a sesión relixiosa será á mesma hora e, seguidamente, darase entrada a unha festa amenizada polo grupo Punto Clave. A maiores, haberá un touro mecánico, un sorteo dun tirador de cervexa e dun menú degustación de produtos de raza autóctona (con opcións sen gluten).



Soltan un mazarico
real criado no Veral

A Xunta procedeu a liberar en Castro de Rei un exemplar subadulto de mazarico real (ave migratoria en perigo crítico de extinción) despois de completar con éxito a súa cría nas instalacións do Centro de recuperación de fauna silvestre do Veral. Tras participar no acto de solta, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, salientou que o seu departamento, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, traballa desde hai anos para promover o asentamento e a reprodución desta especie na Comunidade, que entre os meses de febreiro e xullo adoita recibir a visita dalgúns exemplares de mazarico real. Acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e mais a directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, a responsable autonómica explicou que, con tal fin, a Xunta habilitou un espazo de 310 hectáreas localizado no lugar de Rozas para crear un hábitat adecuado e único na Península Ibérica para favorecer a nidificación e cría destas aves en Galicia. Neste sentido, lembrou que Castro de Rei é o único refuxio de toda a Península Ibérica que al-

berga poboación nidificante desta especie, rexistrándose en concreto tres exemplares neste 2025: 1 parella e un individuo viúvo. Precisamente e unha vez que os exemplares de mazarico real se asentaron no espazo habilitado para eles, Ángeles Vázquez explicou que a Xunta e os técnicos da USC colaboran no seu seguimento para localizar os niños, que se protexen con pastor eléctrico. A continuación os técnicos realizan un seguimento da posta e, en canto se produce a eclosión, recollen os polos e trasládanse ata o CRFS da Xunta do Veral, onde completan un período de crianza para poder proceder á súa posterior devolución ao medio natural previa aclimatación nun aviario. Trátase dun proceso complexo que busca favorecer a reprodución da especie e incrementar a súa poboación actual. A conselleira explicou que este ano se localizaron catro ovos de mazarico real en Castro de Rei, dos cales dous chegaron a eclosionar e foron trasladados ao Veral. O día 14 de xullo foron trasladados ata o aviario instalado nas proximidades do seu lugar de nacemento, no Aeródromo de Rozas, pero só un prosperou.



RESTAURANTE
PARRILLADA

O' Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

A Xunta licita a reforma do pavillón do CEIP Veleiro-Docampo

A Xunta de Galicia está a acometer este ano 60 actuacións en centros educativos de Lugo cun investimento total de 7,8. millóns de euros, segundo avanzou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, nunha visita ao Colexio Veleiro-Docampo, en Castro de Rei, onde o seu departamento vén de licitar a reforma do pavillón por case medio millón de euros.

Na visita ao Veleiro-Docampo, o conselleiro avanzou que a obra licitada por 490.000 euros ten como obxectivo principal mellorar as condicións de salubridade e de eficiencia enerxética do edificio. Segundo explicou, a intervención, que se levará a cabo en varias fases, está previsto que arranque en outubro, e conta cun prazo de seis meses de execución, polo que esta primeira parte estaría concluída en abril do vindeiro ano. Nesta primeira fase reducirase a



altura do peche perimetral do pavillón, que será substituído por un cerramento de fachada con panel sándwich. Ademais, procederase ao illamento da fachada con material Sate, á substitución dos 1.026m² da cuberta e das correas que hai entre os pórticos.

Na visita, o titular de Educación ex-

plicou que nesta provincia se avanza na execución de 13 grandes intervencións (que inclúen ampliacións de colexios e institutos e rehabilitacións integrais) e, a maiores, como todos os anos, aproveitase o período estival para intensificar outras 47 melloras de menor tamaño de pequenas reparacións.

Arrancan as festas en Castro Ribeiras de Lea

Castro Ribeiras de Lea celebrará as festas na honra a San Roque e ao Doce Nome de María os días 8, 9, 10 e 11 de agosto, cun programa cheo de música, tradición e actividades para todas as idades.

As festas comezarán o venres 8 de agosto cunha churrascada veciñal ás 22:00 horas, para a que será imprescindible presentar o ticket, e continuará cunha verbena a cargo da orquestra Compostela e discoteca móbil.

O sábado 9 actuará a agrupación Os Valuros, celebrárase a misa solemne e procesión, e a verbena correrá a cargo da orquestra Alianza e da recoñecida Panorama, combinada con xogos e animación para os máis pequenos. O domingo 10 de agosto haberá pasarrúas coa charanga 555, misa solemne, pregón a cargo de Don José Carlos Martín, xogos e festa da escuma,

toro mecánico e inchables, e a verbena da noite estará a cargo das orquestras Acordes e Los Satélites, coa tradicional sesión de fogos artificiais á unha e continuación da verbena ata altas horas.

O luns 11 pecharanse as festas con misa solemne e procesión, sesión vermú coa orquestra Escaparte e a verbena final que contará coa actuación de París de Noia, que ofrecerá o seu espectáculo acompañados tamén de Escaparte e Hermos Disco Truk. Durante esta xornada haberá degustación de produtos de razas autóctonas dentro do programa Un Gusto de Rural.

A comisión de festas agradece a colaboración do Concello de Castro de Rei, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e Boaga, así como ao vecindario e empresas que fan posible a celebración destas festas.

Aprobado o cambio de titularidade dun tramo da LU-113 a favor do Concello

A Xunta de Galicia vén de aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Castro de Rei das beirarrúas, cunetas, franxas de xardín, varandas e a superficie de dominio público viario correspondente a un tramo da estrada autonómica LU-113 ao seu paso polo núcleo de Castro de Ribeiras de Lea.

O Decreto 57/2025, do 7 de xullo, publicado no Diario Oficial de Galicia, establece que a transferencia afectará ao tramo comprendido entre os puntos quilométricos 4+560 e 6+040 da LU-113, onde

ambos os dous marxes da estrada están clasificados como solo urbano. Esta cesión permitirá ao Concello asumir a xestión, mantemento, conservación e explotación destes elementos, así como as funcións de disciplina viaria no tramo afectado.

A solicitude de transferencia foi realizada polo Concello de Castro de Rei á Axencia Galega de Infraestruturas, indicando que este cambio non afecta á calzada nin ás beiravías da estrada, polo que non altera a continuidade da rede autonómica de estradas. A Axencia, tras

o informe favorable dos servizos competentes, propuxo formalizar o cambio de titularidade, ao considerar que estes elementos teñen unha funcionalidade eminentemente municipal e a súa xestión directa por parte do Concello facilitará a atención ás necesidades das persoas usuarias.

O decreto establece que a transferencia será efectiva ao día seguinte da súa publicación, e a entrega formal dos bens realizarase nun prazo máximo de tres meses mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Recomendan non consumir auga da traída

Un bando municipal informa de restricións no uso da auga da rede de abastecemento tras detectarse incumprimentos paramétricos nas análises realizadas na ETAP de Quintela. Esta planta subministra auga ás parroquias de Pacios, Ponte de Outeiro, Bazar, Santa Locaia, Coea, Quintela, Bendia, Matodoso, Triabá, San Julián de Mos, Ribeiras de Lea, Castro Riberas de Lea, Duarría, Loentia e Mondriz.

Atendendo ao requirimento da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, o alcalde Francisco Javier Balado Teijeiro comunicou á poboación



afectada a necesidade de non inxerir a auga da rede nin utilízala para a preparación de alimentos. Con todo, poderá empregarse para outros usos como a limpeza de alimentos e materias, uso en clínicas dentais, hixiene persoal (baño e ducha) e demais usos non alimentarios.

MEIRA 25

MEIRA NDES!

14

POLA TARDE Día do Neno

19:30h Banda de Música de Meira

20:15h Charanga Lou Band

20:30h **V TROFEO** das Festas Vila de Meira contra o SD Pol

VERBENA con **CINEMA** e **HERMOS**

15

13:00h Misa solemne acompañada pola Coral polifónica de Meira e procesión coa Banda de Música de Meira

SESIÓN VERMÚ **GRUPO FÉNIX**

DENDE A MAÑÁ escultura da man de EUGENIO LINARES

18:00h O MAGO YAGO co espectáculo Ledicias

Programa Móvete da Vicepresidencia da Deputación de Lugo

19:00h Quinteto de Leña Verde

Programa TRADIGALU da Deputación de Lugo

VERBENA con **FÉNIX** e **CHARLESTON BIG BAND**

Concello de Meira

GOBERNACIÓN DE LUGO

16

12:30h Saída da igrexa coa procesión á Capela de San Roque acompañada pola Banda de Gaitas de Meira

SESIÓN VERMÚ **GRUPO EUREKA**

18:00h **3x3** no Plantío

VERBENA con **EUREKA** e **COMBO DOMINICANO**

17

XIRA CAMPESTRE

SESIÓN VERMÚ **DUO TROPICAL**

POLA TARDE **FESTA DA ESPUMA** e **Charanga 555**

VERBENA con **DUO TROPICAL** e **DJ CASANOVA**

pol



A Festa do Emigrante chega á LX edición con París de Noia e Satélites

Pol celebrará o vindeiro domingo 24 de agosto unha nova edición da tradicional Festa ó Emigrante, unha cita xa consolidada no calendario estival da comarca que rende homenaxe ás persoas que un día tiveron que marchar fóra e que, en moitos casos, aproveitan estas datas para volver á súa terra. Este ano a festa coincide cunha xornada dominical, o que permitirá unha maior participación tanto da veciñanza como de visitantes que se acheguen a compartir un día de celebración e reencontros na carballeira de Mosteiro, un espazo natural que cada verán se enche de vida con motivo deste evento. Como vén sendo habitual, o Concello instalará unha carpa con capacidade para 1.800 persoas, onde se servirá o tradicional xantar popular. Ademais, moitos dos grupos que se achegan á festa aproveitarán ta-

mén para organizar as súas propias merendas no exterior, nun ambiente de convivencia que se complementará coa presenza de postos de comida e produtos típicos, dispoñibles ao longo da xornada. O programa dará comezo pasado o mediodía pero este aínda está en proceso de creación. De feito, aínda non se desvelou quen será o pregoeiro este ano, que tamén será o encargado de descubrir a placa conmemorativa do LX Aniversario da Festa ó Emigrante, unha lembranza simbólica que pon en valor a continuidade e o sentimento que envolve esta celebración. No apartado musical, si contará a festa con dous grupos de relevo, como son París de Noia e Satélites, que se ocuparán da verbena, mentres pola tarde será un DJ o que se anime a sesión. Son de Festa, pola contra, estará na sesión vermú.

A festa Leña Verde será o 9 de agosto na Carballeira

A carballeira de Mosteiro, no concello lucense de Pol, acollerá o vindeiro 9 de agosto a festa Leña Verde, unha xornada de convivencia, música e tradición organizada pola Asociación Cultural do mesmo nome. O evento comezará ás 14:00 horas cunha sesión vermú e aperitivos a cargo do bar da SD Pol. Ás 15:00 horas celebrárase un xantar popular, no que cada asistente poderá levar a súa propia comida, con opción de mercar doces típicos como filloas elaboradas polas filloeiras de Muimenta. A tarde continuará coa música tradicional galega. A partir das 17:00 horas, o público poderá gozar das actuacións dos grupos Feitizo (Foz), Pandeireteiros do Inferno e a propia asociación organizadora, Leña Verde.



A xornada rematará cunha festa con foliada aberta, onde se convida a todos os asistentes a participar, cantar e bailar libremente.

A Malla regresa para revivir a tradición e unir á veciñanza

Como novidade este ano, comezará a festa en sábado coa Meda e música

Este domingo 24 de agosto, a praza de Meira volverá transformarse nun campo de traballo tradicional para acoller unha nova edición da Malla, unha celebración que revive a antiga forma de mallar o trigo con métodos artesanais. Declarada Festa de Interese Turístico Nacional dende o ano 2006, a cita, organizada pola Asociación de Amigos da Malla de Meira, mantén vivo un legado cultural que marcou xeracións.

A idea de recuperar esta tradición xurdiu nos anos 90, cando un grupo de veciños, tras mallar o millo nunha finca, pensou que sería boa idea compartir aquela experiencia co resto do pobo. Así naceu esta festa, que ademais de recrear un traballo duro do campo, tamén favorece “a xuntanza dos veciños”, como lembra Manuel Pardo, organizador do evento. “A malla era traballo, pero tamén era convivencia, era comunidade”, explica. A primeira edición celebrouse en 1991 ou 1992, e dende entón a festa foi medrando e renovándose. “Agora somos unha asociación de oito persoas, pero sempre temos colaboración de xente de Meira e mesmo de fora, que nos axuda tanto na organización como no traballo propio do día da festa”, conta Pardo. Cada edición incorpora novidades, e este ano non será excepción. A principal será que a malla comezará xa o sábado, cunha xornada previa



na que se instalarán as máquinas, se construír a meda e se incluír un pregón, que estará a cargo de Mario Outeiro, director do colexio. Ademais, haberá música en directo, porque, segundo o organizador, “sen música non ten graza”. O domingo arrinca cedo, antes das sete, coa elaboración dos tradicionais buñuelos. Entre as doce e a unha, comezan a repartirse, unha delicia típica. A recreación da malla será, como cada ano, unha homenaxe ás xentes do campo, e incluír a participación de nenos e nenas, que tamén terán o seu espazo no proceso do pan e nas tarefas do campo. “O ano pasado xa os metemos no campo da malla, e este ano repetimos. É importante que tamén coñezan de onde vimos”, apunta Pardo. A programación musical tamén esta-

rá presente durante todo o día, con actuacións da Banda de Acordeóns de Meira, a Banda de Gaitas Escola, o grupo Aturuxas e Sorteiros, Faíscas da Fonsagrada, D’Caché e Carunchos, que ofrecerán un concerto como peche da festa. A organización desta celebración require un traballo constante durante todo o ano. “Cando rematas unha festa, xa estás pensando na seguinte”, recoñece o organizador. O proceso comeza coa sementa do trigo entre novembro e febreiro, segar en agosto e facer a meda. Finalmente, o día 24, celébrase a malla na praza, con maquinaria antiga que se conserva grazas á colaboración veciñal. A Malla de Meira é moito máis ca unha festa: é memoria viva, é recoñecemento ao traballo do pasado e, sobre todo, é identidade colectiva.

riotorto

A Confederación do Cantábrico realiza labores de limpeza no Turia

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico iniciou os traballos de mantemento, conservación e mellora no leito do río Turia nas inmediacións de Piñeiro, dentro do municipio de Riotorto. Estas actuacións contan cun orzamento inicial de 6000 euros e executanse ao longo de 300 metros de leito, co obxectivo de retirar árbores caídas e outros restos vexetais, co fin de evitar a formación de tapóns e manter a capacidade de desaugadoiro do leito. Os traballos realízanse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e con-



servación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, xa que nas zonas urbanas os labores de conservación e man-

tenemento de leitos son competencia dos concellos. Durante o pasado ano 2024 investíronse en Lugo 371.438,36 euros repartidos en 34 actuacións en 13 municipios.

As Festas do Quince presiden o programa cultural para agosto

As Festas de Meira 2025 en honra á Nosa Señora e San Roque xa teñen completo o seu programa, e o concello convida á veciñanza e visitantes a participar desta cita referente do verán na comarca.

O día 14, dedicado ao Día do Neno, contará pola tarde coa actuación da Banda de Música de Meira ás 19:30 e a Charanga Louband ás 20:15, antes do pregón que será ás 22:15 con Uxía Rodríguez, dando paso á verbena coas orquestras Cinema e Hermo. Tamén se celebrará ás 20:30 o V Trofeo das Festas Vila de Meira contra o SD Pol.

O día 15 celebrarase a misa solemne e procesión coa Banda de Música de Meira ás 13:00, seguida dunha sesión vermú co Grupo Fénix, e ao longo da mañá realizarase unha escultura en directo da man de Eugenio Linares. Pola tarde, ás 18:00, O Mago Paco ofrecerá o seu espectáculo "Ledicias" dentro do programa Móvete da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, seguido ás 19:00 do Quinteto de Leña Verde dentro do programa Tradigalu. A verbena dese día estará amenizada polo Grupo Fénix e Charleston Big Band.

O 16 de xullo, a festa continuará coa saída da igrexa e procesión á Capela de San Roque ás 12:30, acompañada pola Banda de Gaitas de Meira, e sesión vermú co Grupo Eureka, ademais de actividades de 3x3 pola tarde no Plantío ás 18:00. A verbena correrá a cargo de Eureka e Combo Dominicano.+

Finalmente, o 17 de xullo pecharanse as festas coa tradicional xira campestre, sesión vermú co Dúo Tropical, pola tarde haberá festa da escuma e Charanga 555, e a verbena co Dúo



Tropical e DJ Casanova, garantindo animación continua durante catro días de música, actividades culturais e ambiente festivo en Meira.

O RESTO DO PROGRAMA. O concello de Meira xa ten en marcha o seu programa Verán de Lecer para este mes de agosto, cunha ampla e variada oferta de actividades culturais, deportivas e festivas pensadas para todos os públicos. Durante todo o mes, veciños e visitantes poderán gozar dunha intensa programación que inclúe concertos, exposicións, teatro, festas patronais, visitas guiadas e eventos tradicionais.

O mes comeza coa celebración do II Torneo de Fútbol Sala Meira, esta fin de semana. O día 5 arrinca o ciclo de visitas guiadas desde a Oficina de Turismo, e o día 6 inaugúrase a exposición de pintura de Aurora Abaira no Centro, ás 18.00 horas. O día 7 será a quenda do concerto do grupo Luar na Lubre, na Igrexa de Meira, e o venres 8 representarase a obra de teatro Microrrelatos na Casa da Cultura. O sábado 9 habere

rá unha carreira e andaina popular, seguida de cantos de taberna pola noite, mentres que o domingo 10 terá lugar o Festival de Habaneras na Praza do Convento, sobre as 19.30 horas.

Do 14 ao 17 de agosto celebraranse as tradicionais Festas do Quince, dedicadas á Virxe de Meira, San Roque e a tradicional Xira Campestre. O día 21 celebrarase unha xornada especial con actuacións do mago Antón, coincidindo co seu 50 aniversario. O 24 de agosto terá lugar a XXXIII edición da Festa da Malla, cunha recreación da malla tradicional, exposición de maquinaria antiga e música na Praza Maior. O sábado 30 haberá un concerto organizado polo colectivo Poeta Avelino Díaz, e o domingo 31 celebrarase unha ruta en honor a este autor, cun percorrido de 9,5 km ata a Meira-Órrea.

Tamén ao longo do mes manteranse abertas as inscricións para visitas guiadas e andainas, que terán lugar os martes e xoves, así como obradoiros para a terceira idade e sesións de teatro na rúa.



Besteiro ve o recorte de fondos da PAC unha salvaxada e culpa ao PP

O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, achegouse á granxa da Gaigo SAT, para coñecer o funcionamento dunhas instalacións nas que a día de hoxe se atopan 250 vacas para a produción de leite e de conversar cos socios sobre o impacto que tería a redución da PAC que vén de anunciar a Comisión Europea, o líder socialista mostrouse "moi preocupado" polo impacto que tería esa decisión de levarse a cabo. De feito, cualificou a medida de "salvaxada".

Besteiro estivo acompañado durante a visita polo presidente da Deputación de Lugo, José Tomé; a deputada autonómica e secretaria de Organización do PSdeG, Lara Méndez, e os alcaldes de Meira, Antonio de Dios, e de Ribeira de Piquín, Roberto Fernández. Tras o percorrido, criticou que as políticas que está impulsando o Partido Popular desde a Comisión Europea, na que dispón de maioría, ameazan con afectar gravemente ás explotacións gandeiras galegas. Por iso reclamou "negociación e

presión" para evitar a redución do 20 % nos fondos destinados á PAC, incluída no Marco Financeiro Plurianual 2028-2034.

"O PP está sacando adiante políticas cun claro sesgo de dereitas e volvendo aos recortes", advertiu. Por iso, cominou a Feijoo e a Rueda a que cando vaian a Europa "non o fagan só para torpedear o uso do galego, senón que se poñan as pilas e reivindiquen ante o Partido Popular Europeo que mude ese xeito de facer política que prexudica ás nosas explotacións".

Besteiro lembrou que as axudas directas aos custes de produción permiten manter a economía das explotacións gandeiras, pero á vez evitan que se disparen os prezos de produtos básicos cando chegan ao consumidor. Engadiu, ademais, que esas subvencións contribúen ao sostemento de pequenas granxas e ás economías familiares no medio rural nun momento no que cada día pecha unha explotación en Galicia. Só o ano pasado, foron 372, e desde o 2015, fixérono 4.359.

CASTRO RIBEIRAS DE LEA

FESTAS NA HONRA A SAN ROQUE E DULCE NOME DE MARÍA

OS DÍAS 8/9/10/11 DE AGOSTO DE 2025

VIÑEIRO
08

22:00 h.: III CHURRASCADA VECIÑAL
Poderá asistir todo aquel que queira: os tiques venderanse nas casas a recollida das cotas, os que non teñan tiques poderán recollerlos chamando a 615793250 ou 617313294. **MAIOR DO TOQUE JOG**
Para poder asistir a churrascada imprescindible presentar o tique.

23:30 h.: VERBENA COA ORQUESTRA

COMPOSTELA
DISCOTECA MÓBIL



SABADO
09

12:30h.: Pasarrúas e actuación da Agrupación **OS VALUROS**
13:30h.: Misa Solemne e Procesión
14:15h.: Sesión Vermú a cargo da Orquestra **ALIANZA**
18:30h.: Xogos tradicionais e animación para nenos/as e maiores.
22:30h.: Comenzo da Verbena coas Orquestras

ALIANZA
PANORAMA CITY

DOMINGO
10

11:30h.: Pasarrúas por toda a Vila da Charanga
13:30h.: Misa Solemne e Procesión.
14:15h.: Pregón a cargo de Don José Carlos Martín(Chipi)
Entrenador do fútbol feminino Castro da primeira división de fútbol sala
14:45h.: Sesión Vermú a cargo da Orquestra



18:30h. ata 21:30h.: Festa da Espuma, Hinchables, Toro mecánico etc...
22:30h.: Comenzo da Verbena a cargo das Orquestras
01:30h.: Sesión de Fogos Artificiais / 02:00h.: Continuación da Verbena

555 ACORDES

ACORDES

LOS SÁTELITES


LUNES
11

13:30h.: Misa Solemne
14:30h.: Macro Sesión vermú a cargo da orquestra
Ao remate da sesión vermú, degustación gratuita de produtos de razas autóctonas en perigo de extinción, dentro do programa "UN GUSTO DE RURAL UN RURAL DEGUSTO" promovido pola "VICEPRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN DE LUGO" en colaboración con "BOAGA"
22:30h.: Verbena a cargo das orquestras

PARÍS DE NOIA

A COMISIÓN DE FESTAS AGRADECE ENORMEMENTE A VECIÑ@S E EMPRESAS A SÚA COLABORACIÓN

CONCELLO DE CASTRO DE REI



XUNTA DE GALICIA

Marcos Escudero gañou o concurso de Canteiros

A carballeira de Parga acolleu o domingo 20 de xullo, a XXX Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga, organizada polo Concello e a Asociación de Veciños do Campo da Feira de Parga, coa colaboración da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Santo Estevo de Parga, un evento que cumpre trinta anos consolidado como unha das citas máis emblemáticas.

A primeira hora da mañá abría o XXVII Certame de Cantería, que nesta ocasión reunía a 13 canteiros. O primeiro premio foi de 750 euros para o primeiro clasificado, Marcos Escudero, cun busto indio. Jacobo Liste, cos tres amigos compartindo botellas, gañou o segundo con 500 euros e 250 foron para o terceiro, que correspondeu a Nicolás Ricón, simulando unhas cantareiras.

Os asistentes á feira tamén puideron desfrutar da Mostra de Artesanía e exposición e venda de galiñas autóctonas de Galicia; ou o campionato galego de Andadura federada 2025, proba puntuable para o Campionato Galego de Andadura.

Ás 11 horas comezaron as actua-



cións musicais, a cargo dos grupos municipais da banda de música, o grupo de gaitas e a agrupación Na Casa Zoqueiro. O pregón correu a cargo de Manuel Vizcaino Díaz, que foi mestre e director do colexio Santo Estevo de Parga.

A partir de media mañá comezou un dos momentos máis agardados: a venda das racións de callos, ademais de polbo ou churrasco.

Tamén se organizou un obradoiro, dirixido aos máis pequenos, para crear personaxes en 3D con pasta de papel e, como colofón, o grupo musical A Banda da Balbina pechou (desde as 19 horas) a festa.

Arrancan os traballos previos para a construción do novo colector

O Concello e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil poñen en marcha un ambicioso proxecto de renovación do colector paralelo á vía do ferrocarril, cun investimento total de 2,5 millóns de euros. Así, comezaron os traballos previos á construción, centrados na medición de terreos por parte dos técnicos da Confederación e na limpeza de determinadas zonas polas que discorre o actual colector.

Este proxecto enmárcase nun protocolo de colaboración asinado pola alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, e o presidente da CHMS, José Antonio Quiroga, que establece as bases para o financiamento, a disposición dos terreos, a execución das obras e a súa entrega final. A actuación responde á grave deterioración que presenta o colector interceptor actual, paralelo á vía do tren, que se atopa en moi mal estado de conservación e permite a entrada de auga



limpa na rede de saneamento, dificultando o funcionamento axeitado da depuradora.

Unha inspección realizada no 2020 mediante cámara de vídeo revelou importantes infiltracións e confirmou a inviabilidade da súa reparación, polo que se optou pola construción dun novo colector. Este novo tramo, cunha lonxitude de aproximadamente 1.500 metros, partirá

das proximidades do apeadeiro e chegará ata a entrada da EDAR.

A intervención, cofinanciada pola CHMS, organismo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ten como obxectivo mellorar a calidade das augas e dos ecosistemas fluviais que actualmente se ven afectados polas deficiencias do sistema de saneamento.

Volve a Romaría Labrega da Chaira aos Vilares

A parroquia dos Vilares, acollerá os días 9 e 10 de agosto a XXXIII edición da Romaría Labrega da Chaira, organizada pola Asociación de Veciños, Cultural e Medioambiental dos Vilares. A programación, pensada para todos os públicos, inclúe actividades tradicionais, música, gastronomía e espectáculos.

O sábado comezará coa saída da ruta cabalar, cun completo menú que inclúe paella, carne asada con patacas e pementos, sobremesa, café e licor. Esta dará inicio ás 10.00, que será a hora á que comenzará o percorrido a cabalo, desde a Carballeira do Cancele e, ademais, incluírase unha parada con pinchos na metade da ruta. Ás 15.00 horas, terá lugar o xantar servido, que consistirá en paella, carne asada con patacas e pementos, sobremesa, café e licores. O menú terá un prezo de 27 euros. Débense retirar os tickets para o xantar antes do 6 de agosto.

Ás 11.00 horas terá lugar a inauguración da quinta mostra de artesanía, seguida da tradicional carreira popular ás 12.00, e das carreiras infantís a partir das 12.45. Ás 14.00 celebrárase o pregón, que este ano correrá a cargo de María Xosé Rodríguez García, pedagoga, artista multidisciplinar e escritora chairga. A sesión vermú estará amenizada polo grupo Acordeireta. Pola tarde, haberá xogos populares, xincanas e

carreiras de cabalos con premios, e ás 20.30 realizarase o sorteo dunha xata rubia galega. A música da noite virá da man de Comando Curuxás e Maghúa, con liscos e chourizos gratis para os asistentes.

O domingo 10 de agosto arrancará coa recepción de vehículos antigos. Comezará ás 10.30 horas coa recepción e concentración de vehículos na Carballeira do Cancele e ás 11.00 horas será a saída da ruta propiamente. Seguidamente, terá lugar a visita ao museo de Pepe Pígaro, onde haberá uns pinchos ao finalizar a ruta.

Ás 14.00 horas haberá unha sesión vermú a cargo de Os Da Nogueira, a cal dará paso a un xantar servido polo Restaurante Paco. A comida, que terá un prezo de 30 euros, consistirá nuns entrantes variados, churrasco, sobremesa e café. É necesario inscribirse antes do 7 de agosto chamando ao teléfono 619 113 431. Ás 11.30 abrírase a mostra de artesanía, e ao longo da mañá haberá exhibicións de cantería. Ás 13.30 está prevista a chegada da ruta e a actuación dos Trapeiros dos Vilares. Pola tarde, o humorista Peter Punk será o encargado da "romaría pequena", tras a que se celebrará unha festa da espuma. Ademais, haberá exhibición de *agility* e *carting* do centro canino CanEduo. A xornada pecharase coa actuación do Bloquinho de Xermolos e reparto de liscos.

O PP critica ao PSOE por ter que aboar unha sanción e polo atraso das obras da Casa da Botica

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, confirmou que PSOE e BNG veñen de pagar unha multa de case 60.000 euros en relación ás obras que se están executando na Casa da Botica, en Guitiriz, para reconvertela en centro de atención a maiores por non executar os traballos conforme aos permisos concedidos e á lei.

Así o confirmou Antonio Ameijide ao voceiro do PP en Guitiriz, José Manuel Rodríguez, e aos concelleiros populares nese municipio.

Esta contía vén derivada de dúas sancións, unha de 53.000 euros e outra de 6.001 euros, polo derrubamento da Casa da Botica (Guitiriz) en 2021, sancións que foron ratificadas polo xulgado contencioso-administrativo número 1 de Lugo.

Antonio Ameijide afirma que "PSOE e BNG tiveron que facer fronte a estas sancións por facer directamente o que lles deu a gana" xa que na execución das obras na Casa da Botica "incumpriron as directrices marcadas no proxecto presentado e as indicacións realizadas por Patrimonio". Ademais, Ameijide lamenta que a residencia de Guitiriz "segue a acumular atrasos, mentres os membros do Partido Socialista seguen a pelexarse entre si".

EN BREVE



sesión vermú coa orquestra Pontevedra, que estará na verbena xunto a Trébol, rematando con fogos artificiais. O luns haberá pirotecnia ás 14.00 e sesión vermú co trío Arena Musical. Ás 17.00 celebrárase unha festa infantil, e a partir das 22.00 terá lugar a verbena e fin de festa co trío Arena Musical e o concerto de La Última Legión.

BASCUAS. A Capela de Bascuas acollerá o 15 a tradicional romaría. As misas celebráranse ás 13.00 e 13.30 horas, sendo este o inicio dun día cheo de actividades. Ás 15.00 terá lugar un xantar campestre servido pola recoñecida Pulpería Taboada de Melide. O menú inclúe polbo, churrasco, sobremesa e café, cun prezo de 30 euros por persoa. As reservas deben formalizarse antes do 10 de agosto, dispoñendo dos teléfonos de contacto de Ceci e Angelín para formalizalas. A música será protagonista ao longo da tarde e da noite, da man de Ruth Cundíns e o dúo Venus, que tamén se encargarán da sesión vermú. A festa continuará con sorteos e inchables gratuítos para os máis pequenos. Xa entrada a noite, os asistentes poderán degustar liscos de balde.

PARGA. A vila celebrará as tradicionais festas na honra a San Roque do 15 ao 18 de agosto, comezando cunha festa da xuventude que inclúe chourizos, liscos e pan de balde a partir das 22.00 horas, seguida da actuación da Disco Móbil Sebas 21. O sábado arrancarán ás 11.00 coas alboradas a cargo de Sons da Aldea. Ás 14.00 terá lugar unha sesión de pirotecnia e a vermú co dúo Venus. A verbena estará amenizada polo mesmo dúo e por Euphoria Disco Show. O domingo, despois das alboradas, actuará a Banda Municipal de Guitiriz. Ás 14.15 haberá unha nova sesión de pirotecnia e a

Abre unha exposición de serigrafía sobre os irmáns Álvarez Blázquez

O Legado Activo Beiras Cal (LABC) inaugura este sábado, 19 de xullo, en Muras, a exposición Vigo-Muras Serigrafía Galega 1971, un tributo aos irmáns Álvarez Blázquez que achega ao público 41 serigrafías saídas dos talleres da Serigrafía Galega (Sega), fundada en Vigo por Álvaro Álvarez Blázquez, e expostas por primeira vez en Galicia en 1971.

A mostra poderá visitarse en As Águas, en O Mesón, a partir das 12.00 horas no acto inaugural, e permanecerá aberta ata o 19 de outubro, de venres a domingo en horario de 10.00 a 20.00 horas, sendo preciso concertar visita noutros horarios no teléfono 630 94 12 70.

A exposición ofrece unha oportunidade única para achegarse ao



traballo de 19 artistas plásticos contemporáneos de gran relevancia, que utilizaron a técnica da serigrafía como ferramenta de democratización da arte. Desde o LABC destacan que se trata dunha “experiencia precursora na democratización da arte”, que permite ao público coñecer a

riqueza cultural e creativa daqueles anos.

Ademais das obras pictóricas, incluírase unha selección de libros do valioso fondo editorial dos irmáns Álvarez Blázquez, amosando material dun legado familiar marcado polo amor a Galicia e á cultura do país. Entre as obras expostas haberá exemplares das edicións Monterrey e Castrelos.

Na exposición poderá verse obra de artistas como Seoane, Laxeiro, Díaz Pardo, Virxilio Prego, Xosé Luis de Dios, os irmáns Quesada, Mercedes Ruibal, María Antonia Dans, Vidal Souto ou Maside, entre outros, configurando un percorrido pola creación galega contemporánea a través da serigrafía.

Críticas de Julio Díaz ao estado da Ruta da Fervenza pola Xestosa

O concelleiro non adscrito de Muras, Julio Díaz, denunciou publicamente o estado de abandono no que se atopa a Ruta da Fervenza da Xestosa no termo municipal murés. Segundo Díaz, trátase dunha ruta de sendeirismo con gran potencial turístico, pero que carece de mantemento e sinalización axeitada, a pesar de ter sido acondicionada polo propio Concello no ano 2017.

O edil comparou a situación coa do municipio veciño de Oulol, onde a mesma ruta —que conecta coa fervenza desde outro punto— está “moi coidada e sinalizada”. En Muras, pola contra, a ruta parte desde A



Xestosa e discorre maioritariamente por unha fermosa carballeira, ata rematar nun lateral da fervenza, “pero hoxe presenta un aspecto desleixado”, segundo o concelleiro.

Díaz afirmou que realizou unha visita á zona, incluída unha gravación aérea con dron, e que a maleza impide acceder e visualizar correctamente o percorrido. “Co verán xa moi avanzado, consideramos que esta ruta debería estar ben coidada e sinalizada, porque ten un valor turístico moi grande, como o demostra o éxito que está a ter en Oulol”, declarou.

Trátase, segundo explicou, dunha ruta de dificultade media-baixa, accesible para todos os públicos, polo que o seu abandono resulta incomprensible. “Aquí vese a nula xestión do equipo de goberno: prepararon a ruta e logo esquecérona”, dixo.



Declarado de utilidade pública a repotenciación do parque eólico local

A Xunta de Galicia vén de declarar a utilidade pública, en concreto, o proxecto de repotenciación do parque eólico de Muras, promovido por Iberdrola Renovables Galicia, S.A., que se sitúa nos concellos de Muras e Oulol (Lugo). A resolución, asinada pola Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, tamén recoñece a compatibilidade do proxecto cos aproveitamentos forestais e cos dereitos mineiros existentes na zona.

O acordo, aprobado polo Consello da Xunta o 19 de maio de 2025, permitirá a modernización das instalacións do parque, garantindo ao mesmo tempo o respecto polas masas forestais de montes veciñais afectados e polos dereitos mineiros da concesión LU/C/05386 Marisa Rega Fracción 1ª.

Durante a tramitación realizouse o proceso de información pública e a audiencia ás comunidades de montes de Espenucas, Algosas, Coureiro, Pico de Paredes e Costa de Cebrán (Sexto), así como Serra de Loibán, Costa de Cebrán, Lombas e Pico o Raso (Oulol). Segundo cons-

ta no expediente, estas comunidades non presentaron alegacións ao proxecto.

A repotenciación do parque eólico de Muras enmárcase na aposta de Galicia pola transición enerxética e a modernización das infraestruturas renovables existentes, co obxectivo de incrementar a eficiencia, reducir o impacto ambiental e garantir o abastecemento de enerxía limpa.

O proxecto cumpre coas distancias mínimas a núcleos de poboación e conta coa declaración de impacto ambiental favorable emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, incorporando as medidas correctoras e de seguimento necesarias.

A autorización outorgada pola Xunta inclúe a compatibilidade con dereitos mineiros e forestais, garantindo que a execución das infraestruturas non interfira nos usos actuais, ao tempo que se compromete ao mantemento da rede de camiños principais de acceso ao parque, fundamentais para a veciñanza e os gandeiros da zona.

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

rábade



Rafael Dueñas gaña o Certame de Pintura rápida

O Centro Sociocultural de Rábade acolleu a entrega de premios do 17º Certame de Pintura Rápida, que contou coa participación de preto de medio cento de artistas chegados de diferentes puntos do país. O acto estivo presidido pola alcaldesa, Reme González, quen destacou a calidade das obras presentadas e o compromiso de Rábade coa cultura e a arte. O primeiro premio foi para Rafael Dueñas Carazo, de Avilés, que recibiu 1.200 euros e diploma patrocinado polo Concello de Rábade. O segundo galardón recaeu en Manuel Ángel Serantes Morán, de Ponferrada,

cun premio de 800 euros e diploma patrocinado por Finsa. O terceiro premio foi para Cynthia Díaz Menéndez, de Xixón, con 600 euros e diploma patrocinado por Mercontrol Agroalimentaria. O cuarto premio foi para Alfredo Hernández Perdomo, de Lugo, con 500 euros e diploma patrocinado por Sariago. Ademais, entregáronse tres accésits de 100 euros a Nora Gallego Pascual, de Murcia; Miguel Tierra Rodríguez, de Monforte; e José Reyes Ramos, de Biscaia, recoñecendo así o talento amosado polas súas obras durante a xornada do certame.



Rábade acolleu a celebración do Día do Cooperativismo Galego

Rábade foi o escenario da celebración do Día do Cooperativismo Galego, unha xornada impulsada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en colaboración co Consello Galego de Cooperativas. O acto tivo lugar nas instalacións da cooperativa Rabadense de Transportes e contou coa presenza do secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández; a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño; e a directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, ademais da alcaldesa de Rábade, Remedios González. Durante o encontro entregáronse os Premios á Cooperación 2025, que distinguen as mellores iniciati-

vas do sector cooperativo galego. A cooperativa Rexenerando foi recoñecida polos seus valores cooperativos, Illa Bufarda recibiu o galardón ao proxecto cooperativo novo máis destacado e a cooperativa Lemos foi homenaxeada pola súa traxectoria consolidada. Tamén se fixo entrega dos premios do Certame Cooperativismo no Ensino, que distingue proxectos empresariais desenvolvidos en centros de formación profesional e ensinanzas de réxime especial. O primeiro premio recaeu en Milgranda, Sociedade Cooperativa Galega do IES Rosalía Mera da Coruña, mentres que o accésit foi para o proxecto Maruxía, da cooperativa Mendiño de Vigo.

Atopan no Castro de Saa o peche do bastión



Está a piques de rematar unha nova campaña de escavacións arqueolóxicas no Castro de Saa da Pastoriza, cun obxectivo claro: continuar desvelando os segredos que agocha este antigo asentamento. Os traballos están dirixidos por Emilio Ramil, da empresa AxaArqueoloxía, quen xa estivo á fronte da maior parte das intervencións anteriores neste xacemento. Nesta ocasión, a actuación céntrase especificamente na identificación e posta en valor da entrada ao castro, coa escavación dos torreóns que a flanqueaban, segundo informou o equipo de investigación. A anterior campaña realizárase no mes de xullo do ano pasado. Unha das primeiras accións foi o descubrimento do empedrado orixinal de acceso ao Castro, despois de establecer a liña dos dous torreóns.

Finalmente descubriuse tamén o peche do bastión defensivo, o que permitirá avanzar neste sistema de protección do asentamento. Segundo explicaron os investigadores, o peche que ten o bastión esquerdo do Castro de Saa evidencia unha reforma posterior á plena ocupación do castro.

Como parte do programa de difusión cultural, están previstas visitas guiadas abertas a toda a poboación. As dúas primeiras xa se fixeron en xullo e agora a última será o 9 de agosto, ás 12:00 horas. O punto de encontro será a entrada ao castro. Trátase dunha actividade gratuíta, sen necesidade de inscrición previa, na que os asistentes poderán coñecer de preto os avances das escavacións e mergullarse na historia deste destacado enclave arqueolóxico.

Destacan que preto do 80 % do territorio local está concentrado

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, puxo en valor que preto do 80 % do territorio municipal da Pastoriza está concentrado. En total, son 21 as parcelarias rematadas neste concello, que, en conxunto, abranquen unha superficie de case 14.000 hectáreas, dentro dun termo municipal de algo máis de 17.500. Esta cuestión foi analizada durante unha xuntanza co alcalde desta localidade, Darío Cabaneiro.

Nesta reunión avaliáronse estes datos, que evidencian a clara vocación agrogandeira dunha localidade que se sitúa nos primeiros lugares dentro de Galicia en produción de leite e en número de explotacións gandeiras de vacún.

A reunión serviu tamén para reforzar a colaboración entre a Consellería e o Concello en materia de mellora de infraestruturas e camiños rurais.

Cómpre lembrar, neste sentido, que A Pastoriza recibirá preto de 81.000 euros ao abeiro do Plan Camiña Rural para as anualidades de 2025 e 2026. Con esta achega, o orzamento destinado pola Xunta desde o ano 2020 para a construción e mellora de infraestruturas rurais neste municipio supera os 700.000 euros. Estes fondos permitiron actuar tanto en vías municipais en diferentes parroquias como acondicionar os accesos a diversos núcleos, mediante a súa pavimentación ou a limpeza de gabias. Así, leváronse a cabo intervencións de reforma, adaptación e mellora en camiños de parroquias como Bretoña, Rigueira, A Pousada, Baltar, Cadavedo ou Saldanxe. Ademais, pavimentáronse os accesos aos núcleos das Fontes, As Maciñeiras ou O Alto, entre outros labores.

Celebrarán do 18 ao 22 deste mes un campamento musical

A Asociación Cultural e Deportiva A Pastoriza, en colaboración co Concello e Gandaíña Eventos, organiza un campamento musical dirixido a rapaces e rapazas de entre 3 e 14 anos que terá lugar do 18 ao 22 de agosto. A actividade desenvolverase en horario de 9:00 a 14:00 horas, aínda que se ofrece tamén unha opción madrugadora dende as 8:00. O programa inclúe actividades musicais, deportivas e xogos, cun enfoque lúdico. O prezo por participante é de 35 euros e as prazas son limitadas. As inscricións están abertas ata o 14 e a organización habilita tanto un teléfono (614 533 273) como un correo electrónico (gandaina@gandainaeventos.com) para máis información ou formalizar a inscrición.

Bretoña estará de festa a fin de semana do 23 e 24

A localidade de Bretoña acollerá a fin de semana do 23 e 24 as festas na honra a Santa María. Haberá unha previa, o venres 23 cunha verbena a partir das 22.00 horas, a cargo do grupo Tania Veiras e a orquestra Finisterre.

O sábado, a xornada festiva dará comezo ás 14.00 horas cunha misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Acordes, que fará unha dobre sesión na verbena da noite xunto a Panorama City. O domingo, o oficio relixioso será ás 13.00 horas, con procesión e sesión vermú co grupo Fénix, co que se dará por rematada a festa.

Reigosa acollerá a partir de setembro as Noites de Teatro

A Asociación de Veciños de Reigosa, grazas ao programa de Circuitos Teatrais da Deputación de Lugo, acollerá logo do verán as Noites de Teatro, que se repartirán en varios días, desde setembro ata decembro, a partir das 21.00 horas.

A primeira delas, chamada *A Presa*, terá lugar o 13 de setembro. O 18 de outubro, será a quenda de *A viaxe do Señor López*, da man de Producións Súper López.

O 15 de novembro, Lume Escénico deleitará á localidade coa produción *Activos* e Ubu Teatro será o encargado de pechar esta iniciativa o 20 de decembro co *O Vixilante de soños*.

Rematan as obras do Plan Único e acordan a prórroga dun ano do SAF

O Concello vén de rematar as obras incluídas no Plan Único da Deputación, cun conxunto de intervencións que se levaron a cabo nas parroquias de Pousada, Crecente, Cadavedo, Reigosa, Loboso, Bretoña, San Cosme de Piñeiro, Aguarda, Xemil, Álvaro e Gueimonde. Segundo anunciou o Concello, nos vindeiros días presentaranse os proxectos correspondentes ao ano 2025, co obxectivo de seren licitados nun prazo breve.

Ademais, na última sesión plenaria, o goberno local aprobou a prórroga por un ano do contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que fora asinado hai dous anos e tiña prevista esta opción. O contrato ronda o millón de euros anuais e forma parte dun acordo inicial que superaba os catro millóns, incluíndo dúas posibles prórrogas. A medida foi aprobada en solitario polo equipo de goberno, coa abstención do PSOE e do BNG, formacións que aproveitaron para reivindicar a xestión directa do servizo, tal e como se acordara no seu momento.

Tamén se aprobou un expediente



municipal de crédito, cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, para financiar dúas actuacións do fondo de compensación ambiental. Estas obras inclúen a urbanización dunha rúa en Bretoña, cun orzamento próximo aos 50.000 euros, dos que o Concello achega 14.000; e a mellora da rede de abastecemento municipal de auga, que inclúe a dotación de telemetría e clorimetría no depósito de Toucido e a mellora do sinal das estacións de bombeo de A Pastoriza e Baltar. Esta última actuación conta cun investi-

mento total de 28.246,24 euros, dos que a Xunta de Galicia aporta máis de 20.000 euros e o Concello uns 7.000 euros.

Por último, validouse un segundo expediente de crédito para recoñecer obrigas de pago pendentes de 2024 por un importe de arredor de 160.000 euros, co fin de abonar facturas correspondentes a este exercicio. A oposición abstívose nesta votación, na que tamén se deu conta da liquidación do orzamento municipal de 2024, cifrada en 3,4 millóns de euros.

A Xunta achega 478.000 euros para rehabilitar 11 vivendas municipais

A Xunta de Galicia concedeu un total de 478.000 euros ao Concello da Pastoriza para rehabilitar once vivendas de titularidade municipal que se destinarán a alugueiro social, segundo as últimas convocatorias de axudas promovidas pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas con este obxectivo.

Así o trasladou o delegado territorial de Lugo, Javier Arias, quen visitou o municipio acompañado do alcalde, Darío Cabaneiro, para coñecer de primeira man os novos proxectos que se van levar a cabo.

Entre as actuacións previstas figura a mellora da antiga escola do lugar de Grandela, na parroquia de Reigosa, á que se destinan 17.200 euros para a renovación da cuberta. Ademais, ao longo deste ano, a Xunta investirá 199.000 euros para sumar catro novas vivendas sociais no municipio, froito da rehabilita-

ción das antigas escolas unitarias das parroquias de Úbeda e Corvelle —con dúas vivendas na primeira e unha na segunda— e outra máis en Saldanxe.

Estes apoios súmanse aos concedidos nos programas de 2020 e 2022. No primeiro caso, incorporáronse cinco vivendas para alugueiro tras a reforma das antigas escolas de Bretoña, Crecente e Álvaro, grazas a unha achega da Xunta de 184.000 euros. No ano 2022, destináronse 77.600 euros para rehabilitar dúas vivendas no lugar de Grandela.

Javier Arias indicou que xa se esgotou o crédito da última convocatoria desta liña de axudas, que contaba cun orzamento global de 1.850.000 euros. Tamén destacou que, ademais da Pastoriza, nas comarcas da Terra Chá e Meira resultou beneficiario o municipio de Pol, que recibirá 45.500 euros para levar a cabo un proxecto de rehabilitación en Fraialde.

XL edición da FESTA Ó EMIGRANTE DOMINGO DO CONCELLO DE POL

24 de AGOSTO 2025

na Carballeira de Mosteiro (Pol)

Sesión vermú con
Son de Festa

Á tarde música con Dj

Verbena con
París de Noia e Los Satélites



CONCELLO DE POL

Resolta a primeira fase do concurso de composicións musicais

A Casa-Museo Manuel María fixo pública a resolución do xurado da 1ª fase da IV edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais. O xurado escolleu 5 para pasaren á fase final, o máximo que se prevé nas Bases da convocatoria. Unha vez abertas as plicas o resultado do triunfo foi para *Tenrura*, de Manuel Pacheco Sánchez, presentada baixo o lema Kosiesco. Gañou tamén *O meu barco*, de Luis Serrapio Fernández, presentada baixo o lema Marexada; *Nas leves tardes de outono*, de Yónatan Sánchez Santianes, presentada baixo o lema No teu mar de tenrura; *Eu son* de Outeiro de Rei, Manuel María Veiga Lombardía, presentada baixo o lema Cepelo 29 e *Alborada*, Xosé Alfredo Oliveira Pérez, presentada baixo o lema Palla de centeo.

O BNG critica a suba das taxas de lixo e auga

O BNG de Outeiro de Rei vén de denunciar publicamente a decisión do goberno municipal de incrementar nun 30% as taxas de recollida de lixo e do servizo de auga, aproveitando o período estival para aplicar unha medida profundamente lesiva para os petos da veciñanza. Desde o grupo nacionalista o seu voceiro municipal, Miguel Vieito, considera que “a cidadanía non ten por que pagar a incapacidade de xestión dun alcalde que mantén un concello endebedado e sen rumbo”. Esta suba, sinala, “pretende tapar unha política baseada en dilapidar os recursos públicos sen planificación que é o caracteriza a este goberno desde hai anos”. “A única solución que atopan é cargar sobre os veciños e veciñas as consecuencias da súa mala xes-

ción”, denuncian Vieito. “Non podemos consentir que se utilicen as taxas municipais para financiar os delirios de grandeza dun alcalde máis preocupado pola imaxe que polos servizos básicos como demostra o atraso que se leva na apertura do centro de día”. A suba de taxas que quere levar adiante agora ven a sumarse a importante suba do 11% do IBI do ano 2023 e as taxas que de forma ilegal esta cobrando polo envío de comunicacións de xestión de biomasa. O BNG reclama a retirada inmediata desta suba e a apertura dun proceso de diálogo no que se priorice o interese da veciñanza e se garanta unha xestión responsable e xusta dos recursos públicos. “Gobernar é decidir e o PP decide que a veciñanza de Outeiro de Rei paguemos máis”, din.

O Convivio da Cultura reuniu centos de persoas



Centos de persoas congregáronse na carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, para celebraren a XIIª edición do Convivio da Cultura Galega. Xornada de festa e encontro ao redor da figura de Manuel María, organizada pola Casa-Museo Manuel María e a Federación de entidades culturais Galiza Cultura.

A mañá iniciouse coa acollida na Casa-Museo Manuel María de todas as persoas participantes por parte da coral compostelá Solfa que interpretou un repertorio centrado no propio Manuel María e en Castelao, político, escritor e artista nacionalista do que se celebra este ano o 75 aniversario do seu falecemento.



Abadín volve acoller un concurso de tortillas coa música dos Festicultores

O venres 8 de agosto, a partir das 21:00 horas, a área recreativa da Roxica acollerá unha noite con dobre sesión. Por unha banda, actuarán Festicultores, que ofrecerán unha explosión de música, alegría e moito baile. Á mesma hora, celebrarse un concurso de tortillas, no que poden participar todos os que o desexen. Só se necesita unha tortilla feita na casa e moita creatividade. Haberá premios en

efectivo para as mellores tortillas en sabor e presentación. Na primeira categoría haberá tres premios, o primeiro de 100 euros, o segundo de 50 e o terceiro de 25. Para a mellor presentación haberá un único gañador, que será recompensado con 100 euros. Para participar será preciso inscribirse con antelación, co 7 de agosto como data límite, no 982 508 021.



Iniciada a investigación da propiedade para a parcelaria de Moncelos

A Consellería do Medio Rural vén de anunciar o inicio da fase de investigación da propiedade na zona de reestruturación parcelaria de Moncelos, no concello de Abadín. O obxectivo é recoller os datos necesarios para establecer as bases deste proceso, polo que se insta a todas as persoas propietarias, rendeiras, parceiras ou cultivadoras de parcelas, así como a titulares de calquera gravame, que aínda non presentaran a declaración da propiedade, a facelo nas datas indicadas. As xornadas de atención ao público terán lugar na Escola de Moar, en horario de 9:30 a 13:30 horas e de 15:00 a 17:30 horas, os días 14, 15 e 16 de xullo e 4, 5, 6, 18, 19 e 20 de

agosto. Lémbrese que todas as parcelas situadas dentro do perímetro da zona deben ser declaradas, incluídas aquelas nas que se atopen vivendas. As parcelas que non sexan declaradas neste prazo serán consideradas como de “persoa descoñecida”, segundo marca a lexislación vixente. Para máis información, as persoas interesadas poden contactar co Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo, consultar a web da Consellería ou contactar coa empresa colaboradora Sial Ingeniería, SL (982 255 721). Tamén está dispoñible un canal de WhatsApp onde se poderán seguir as novidades desta reestruturación.

O PSOE reclama ao alcalde que non convocase o pleno de xullo

O PSdeG-PSOE denuncia que o alcalde, Xosé María López Rancaño, volveu incumplir o acordo plenario que establece a celebración periódica dos plenos ordinarios, ao non convocar o correspondente ao mes de xullo, que debía celebrarse o venres 1. O voceiro socialista, Pablo Díaz López, sinala que o pleno ordinario estaba previsto para o día 25 de xullo, pero ao coincidir con festivo debía reprogramarse, segundo marca o propio regulamento e o calendario aprobado pola Corporación. “Nada se sabe da nova data, nin se nos informou, nin hai vontade de convocalo. O alcalde non respecta os acordos plenarios”, denuncia. Para o grupo municipal socialista, esta actitude revela un desprezo absoluto pola vida democrática no Concello de Abadín, xa que os plenos son o principal espazo de control ao goberno, de rendición de contas e de atención ás demandas da veciñanza. “Se non hai plenos, non hai preguntas, non hai debate, non hai resposta aos problemas reais da xente. E iso é exactamente o que busca o alcalde”, engade Pablo Díaz. Desde o PSdeG tiñan previsto levar ao pleno varias cuestións urxentes, entre elas a situación do CEIP, que leva meses sen conserxe tras a xubilación do anterior traballador.



gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baio
27800 Villalba (Lugo)
Telf. 982516550

O PSOE retira a Irimia á militancia logo de ser investigado por agresión

O Partido Socialista decidiu suspender de militancia a Daniel Irimia, concelleiro e voceiro do grupo municipal no Concello de Cospeito, tras coñecerse que está a ser investigado por un posible delito de lesións. Os feitos ocorreron de madrugada durante unha voda en Vilalba, onde Irimia tería empurrado, presuntamente, á súa parella no transcurso dunha discusión, provocando a súa caída ao chan.

O secretario xeral do PSOE na provincia de Lugo, José Tomé, confirmou a suspensión cautelar do edil, subliando que a formación “actúa de forma inmediata ante calquera indicio de violencia, e especialmente se é de carácter machista”, diferenciándose —dixo— doutras organizacións que “tardan meses en reaccionar aínda coñecendo a situación”.

Irimia foi detido pola Garda Civil e trasladado a dependencias policiais, onde permaneceu ata o luns.



Acolleuse ao seu dereito a non declarar ante o xuíz e non se solicitaron medidas de protección, nin se formalizou denuncia por parte da muller.

A suspensión de militancia permanecerá en vigor ata que se aclaren os feitos e exista unha resolución xudicial que determine se hai responsabilidades. O PSOE insiste en que non tolerará comportamentos violentos nas súas filas, en liña co seu compromiso coa igualdade e a loita contra a violencia de xénero.



O Concello e a asociación de Muimenta únense na limpeza da área recreativa

O Concello de Cospeito e a Asociación Aquilino Iglesia Alvariño de Muimenta veñen de formalizar un convenio de colaboración polo cal a administración local asume o mantemento da área recreativa Ribas do Miño durante os meses de verán.

O acordo permitirá manter en bo estado este espazo natural, moi frecuentado pola veciñanza e visitantes na época estival, e potenciará o seu uso como punto de encontro e desfrute ao aire libre.

Ademais, o Concello poderá utilizar esta área para organizar campamen-

tos e diversas actividades de lecer, promovendo así o aproveitamento dos recursos naturais do municipio e ofrecendo alternativas de ocio para todas as idades.

A sinatura do convenio contou coa presenza de representantes de ambas entidades, nun acto que simboliza o compromiso con a posta en valor dos espazos naturais e a colaboración institucional.

Este convenio pon en valor os traballos de mantemento da zona verde realizados pola asociación en días previos.



Convocan o VIII premio de poesía Torre de Caldaloba

O Concello de Cospeito e a Asociación San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ convocan a VIII Certame de Poesía Torre de Caldaloba. Esta iniciativa está deseñada co fin de poñer en valor este monumento histórico, promover a súa conservación e fomentar a creatividade e estimular a creación poética. Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa finalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

A organización deste certame establece unha soa categoría, para maiores de 16 anos e o gañador recibirá 1.500 euros de premio e a publicación da obra, e o segundo premio levará un accésit e a publicación da obra.

As bases contemplan un límite de entre 300 e 600 versos con tamaño de letra 12 puntos e arial. Para todos os interesados en presentar propostas, o prazo estará aberto ata o 19 de outubro.

Os requisitos para valorar as obras serán que estean en galego e escritas a ordenador e que sexan orixinais mentres que a temática é totalmente libre.

A entrega pode facerse por correo ordinario, no Concello de Cospeito sito en avenida Terra Chá nº29, Feira do Monte, 27377, Cospeito, Lugo; ou por sede electrónica.

O fallo será dado a coñecer con data con antelación a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin con data 22 de novembro deste ano.

Todo preparado para a quinta edición do Festival Cultural Pozomouro

Tralo éxito das catro primeiras edicións, o sábado 23 terá lugar a quinta edición do festival Pozomouro, organizado pola Asociación Cultural Ave-lino Iglesias Alvariño na área recreativa Ribas do Miño, en Muimenta.

A celebración comeza todos os anos con música dende media mañá e as actividades complétanse cunha romaría popular na que os participantes deberán achegar o seu xantar.

Así entre as actividades previstas, haberá un obradoiro de danza na natureza con Eva Quiroga e unha ruta á beira do Miño con Daniel e Kiko, actos que culminarán coa regulamentaria sesión vermú a cargo de Xenderal.

Terá lugar tamén unha narración oral con Vero Rilo, un Pozo Hulahoop con Nelly, Pozo Musical con Xenderal, así como o Pozo Ilustrado con Sonao. A maiores, contarase coa presenza dun Pozo Aromas con Zaida e Ana e un Pozo Miúdo coa Chintofanería.

Os protagonistas deste ano serán Prieto Picado, Xenderal, Igmig, Los Justicieros, Luama Son Sistema, Bass Dealer e Pintega.

A organización lembra que haberá



zona de acampada de balde para os que o desexen e un mercadoño.

XOGA NA VEIGA. A Asociación Recreativo Cultural de San Martiño de Pino, en Cospeito, celebrará o 24 de agosto, a primeira edición de Xoga na Veiga, unha actividade chea de diversión, música e xogos na Veiga de Porto. A xornada, dará comezo ás 11.00 horas cunha ruta dos Muíños, que terá unhas dúas horas de duración aproximadamente. A saída será desde a Escola de Pino. Ás 14.30 horas, terá lugar un xantar popular e, logo pola tarde, haberá xogos para desfrutar o que quede de día.

Reclaman a reposición do servizo de pediatría

A parlamentaria socialista Lara Méndez reclamoulle ao Sergas que repoña o servizo de Pediatría en Cospeito nas mesmas condicións que tiña antes da baixa da especialista, en setembro de 2024. Presentou unha proposición para recuperar este servizo, que foi rexeitada polo PP logo de presentar unha emenda que cualificou de “tomadura de pelo e falla de respecto aos veciños”.

Méndez presentou esta iniciativa logo de que, despois dunha longa temporada sen especialista, o

Sergas reorganizara o servizo facendo que o Concello pasara de ter á pediatra -que comparten con Outeiro e Castro de Rei- dous días á semana a tan só un. Os tres concellos comparten un pediatra que atende a unha poboación conxunta de 15.000 habitantes e en torno a 1.400 nenos e nenas.

A popular Encarna Amigo asegura que as declaracións da Lara Méndez sobre a atención pediátrica en Cospeito “faltan á verdade e buscan alarmar á veciñanza con fins partidistas e electoralistas”.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA

OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACONES

REVUELTOS FREIDA CON ALCO PICA

HAMBURGUESAS FREIDAS DE VERDAD ENSALADAS

PASTAS FREIDAS RAXO PATATAS

ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

SABOREAR TORTILLAS

Xermade, Momán e Roupar estarán de festa

Xermade acollerá a fin de semana do 9 e 10 as festas na honra a Nosa Señora. Haberá unha previa, o venres 8 cunha verbena a cargo do dúo Venus onde haberá liscos. O sábado, a xornada dará comezo ás 13.30 horas cunha misa, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Los Españoles, que fará unha dobre sesión na verbena da noite xunto ao grupo Galia.

O domingo, o oficio relixioso será á mesma hora, con procesión e sesión vermú co grupo Ritmo, que amenizará novamente a verbena.

MOMÁN. A parroquia de Momán celebra as súas patronais do venres 22 ao domingo 24 na honra a San Bartolomé e San Mamed. O venres darán comezo ás 21.30 con liscos e chourizos gratis para continuar coa verbena a cargo do dúo D'Caché. O sábado ás 13.30 terá lugar a misa solemne cantada polo Coro da UNED Sénior de Momán e a procesión, para continuar cunha sesión vermú a cargo do grupo Mar Davila

Music. Xa pola noite a verbena estará a cargo da orquestra Solara e o grupo Mar Davila Music.

O domingo a misa será tamén ás 13.30 na que volverá a cantar o Coro da UNED para continuar cunha sesión vermú a cargo de Alabama Show que serán tamén os encargados de amenizar a verbena.

ROUPAR. Roupar honrará a San Pedro Fiz os días 15, 16 e 17. O venres arrancarán cunha festa infantil ás 17:00 horas, con inchables, xogos acuáticos e festa da escuma. A seguir, celebrarase a tradicional bola de liscos e pecharase cunha verbena co dúo Boreal. O sábado haberá misa ás 13:00, seguida de procesión acompañada polo grupo de gaitas Axóuxere. A sesión vermú estará a cargo da orquestra Galaxia, e pola noite a verbena será protagonizada por Galaxia e M3-Show. O domingo 17 repetirase o esquema coa misa ás 13:00, novamente con Axóuxere, seguida dunha sesión vermú longa co dúo Maracuyá.

O XXV Encontro de Torneiros foi convocado para o 19 de setembro

O XXV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira celebrárase entre os días 19 e 21 de setembro no polideportivo de Xermade, contando coa presenza de recoñecidos profesionais do sector da tornería a nivel internacional.

O evento foi presentado na Biblioteca Municipal coa presenza de autoridades locais e provinciais, e conta novamente co apoio da Deputación de Lugo, que contribúe cunha achega económica próxima aos 10.000 euros e coa impresión de 600 exemplares dun libro elaborado con motivo do 25 aniversario desta cita.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, salientou que “este evento representa o mellor do que somos como provincia: un territorio orgulloso das súas raíces, comprometido coa súa cultura e capaz de proxectarse ao mundo desde o corazón do rural”. Tamén quixo destacar “a dimensión internacional do Encontro, que nesta edición volverá contar con artesáns e artistas doutros países. Esa diversidade é unha riqueza que fortalece o evento, amplía horizontes e sitúa a Xermade como un punto de encontro entre tradicións e culturas diversas”.



Tomé Roca explicou que a colaboración da institución provincial chega a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, “unha ferramenta clave para apoiar iniciativas que nacen da propia realidade do territorio”. Ademais, subliñou o apoio directo ao colectivo de torneiros mediante a contribución á edición dun libro que recolle a historia deste oficio en Xermade, os seus protagonistas, a evolución do Encontro ao longo das décadas e o valor inmenso que representa esta tradición para a cultura e o futuro da provincia.

No acto de presentación estiveron presentes tamén o alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, e a xerente da Fundación de Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro Castro, entre outras autoridades. A programación arrancará o 19 de setembro ás 10:30 horas e incluírá obradoiros impartidos polos profesionais Jean François Escoulen, Carlyn Lindsay, Aitor Martínez, Adrián Pena e Lolo Castro, exhibición de pezas dos participantes do Encontro e a XVII edición da Exposición CONTornos.

A Deputación inviste 200.000 euros na renovación das beirarrúas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o Alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, veñen de supervisar no municipio chairego a renovación completa das beirarrúas das avenidas das Pontes e Vilalba -no centro da vila- grazas a un acordo de colaboración entre ambas administracións por un importe que supera os 200.000€. A actuación, para a que a institución provincial achegaba máis do 90% dos fondos, serviu tamén para a construción dunha senda peonil paralela á estrada que vai a Momán.

“Trátase dunha actuación moi importante para Xermade, porque conseguimos a mellora da accesibilidade a recursos municipais básicos”, valorou o mandatario provincial, que enmarcou este acordo no compromiso de colaboración da institución cos concellos para que poidan ofrecer máis e mellores servizos á veciñanza. O proxecto contemplou a renovación das beirarrúas de dúas arterias fundamentais para Xermade: as da Avenida das Pontes e da Avenida Vilalba,



conectadas entre si e que dan acceso dende a Casa Consistorial á Biblioteca Municipal, a un parque infantil, ao polideportivo, ao CEIP da localidade, ao Centro de Saúde ou ao cuartel da Garda Civil. García Pernas explicou que as plataformas estaban “en moi mal estado” e que son moi empregadas pola veciñanza, polo que “con esta actuación melloramos a comodidade e a seguridade de todas e todos”. Detallou ademais que grazas a estas obras soterráronse os cables do

alumeado público e renováronse as tubaxes da traída municipal. Este acordo entre a Deputación e o Concello permitiu ademais a construción dunha senda peonil, paralela á estrada provincial LU-P-2205 que conecta Xermade con Porto Souto, que dá continuidade á beirarrúa existente, mellorando a seguridade dos veciños e das veciñas do municipio. O novo sendeiro ten un ancho de 1,80 metros e conta cunha rede de pluviais para recoller a auga das chuvias.

Ilda Gregorio gaña o concurso de Sotavento

Un ano máis, o Certame Renovable de Fotografía de Sotavento, que xa vai pola súa décimo terceira edición, fixo entrega dun premio de 400 euros en metálico á súa gañadora. A fotografía seleccionada polo xurado, entre as máis de vinte presentadas, foi Viaxe xélida entre algodóns de Ilda Gregorio Corral, natural das Pontes de García Rodríguez.

O principal obxectivo deste certame fotográfico, no que pode participar calquera persoa sen límite de idade cunha imaxe do Parque Eólico Experimental Sotavento, é dar a coñecer o mundo das enerxías renovables en xeral e a idea de Sotavento en particular.

Lembramos que tras un curso académico con lista de espera e que se aproximou aos 900 visitantes de media ao mes, Sotavento permanece aberto durante os meses de verán (días laborais) en horario de 10:00 a 14:00 horas para aquelas persoas que queiran visitalo, previa cita no teléfono 652 80 81 73 (tamén whatsapp). Deste xeito, as actividades estivais en Sotavento, estarán especialmente dirixidas a familias, turistas e todo aquel que queira achegarse a coñecer as nosas instalacións e descubrir a realidade das enerxías renovables e a eficiencia enerxética dun xeito dinámico e lúdico. O custo da actividade é de 3€/persoa.



DEPUTACIÓN

Aprobada a reclamación para manter os servizos sanitarios no rural no verán

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta de Galicia que poña fin aos recortes en sanidade, que manteña os servizos médicos nos consultorios do rural da provincia durante o verán e que active un plan de choque para evitar peches e redución nos horarios de atención. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xullo tras unha proposta de Goberno que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención do PP.

Explicou o Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, antes da sesión plenaria, que “temos hoxe moitos consultorios pechados, xustamente durante o verán que é cando máis xente hai”. Enmarcou a iniciativa “no compromiso da institución cos servizos públicos universais e de calidade, especialmente coa sanidade” da institución provincial, considerando os recortes “un sin sentido que vai en contra do traballo que todos facemos para consolidar a provincia como un destino turístico sostible e atractivo”.

Nesa mesma liña, a Deputada pola Chaira, Marisol Morandeira, engadiu que a Xunta “consigue facer realidade algo máis difícil aínda: empeorar máis a deficiente atención sanitaria que reciben os galegos e as galegas”. Explicou que ás eivas tradicionais



de longas listas de espera, déficit de persoal, e aos problemas crónicos en urxencias e atención primaria, ou a “sanidade de segunda” no rural, “se suman coma sempre os recortes de verán”, que provocan unha descompensación maior, posto que se trata dunha época do ano no que tamén se incrementa a poboación.

Morandeira citou ao Conselleiro de Sanidade, que anunciou o peche do 8,3% das camas hospitalarias no verán e tamén “dalgún consultorio, como todos os anos” e lamentou que na provincia de Lugo, “como resultado do desmantelamento das áreas sanitarias de Monforte de Lemos e A Mariña, a porcentaxe de

camas hospitalarias pechadas será do 11,5%; máis de tres puntos por encima da media galega”.

Detallou a deputada que en Guitiriz, os recortes extra de verán van supoñer o peche, “probablemente por tres meses”, do consultorio de Parga. Tamén que cerren os de Doiras, no concello de Cervantes, ou o de Castro de Rei, que desde a pandemia non recuperaron o horario normal de luns a venres. Na Mariña, o consultorio de Cervo e Centro de Saúde de San Cibrao compartirán unha única médica.

O texto da proposta recolle, ademais, instar á Xunta de Galicia a apertura dos consultorios de Par-

ga, Doiras e Castro de Rei, coa recuperación dos seus horarios habituais; a recuperación dos servizos e ampliación de horarios no consultorio de Cervo e no Centro de Saúde de San Cibrao; e a substitución de todas as prazas de medicina de familia que se atopan sen cubrir por xubilación en Oural, O Valadouro, Ribadeo, Trabada, Viveiro, Xove e naqueles centros nos que existe ausencia de profesionais sanitarios, como no caso do Vicedo ou Riotorto.

A voceira do grupo provincial do BNG, Iria Castro, volveu poñer o foco na escaseza de profesionais de medicina de familia e pediatría en numerosos centros de saúde da provincia de Lugo. Advertiu de que o plan da Xunta para o verán “volta a basearse na precarización dos médicos residentes, que exercen sen unha supervisión clara, e na prolongación voluntaria das xornadas laborais”. Fixo unha crítica irónica ao respecto: “¿Están preparando un festival ou xestionando a sanidade pública galega?”, preguntouse.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS. A Corporación Provincial acordou na sesión plenaria dúas Declaracións Institucionais: unha delas realizada con motivo do Día Internacional con-

tra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos -que se celebrará o vindeiro 23 de setembro-; e outra na que a institución provincial pon de manifesto o “firme compromiso” de acadar unha sociedade baseada no respecto a lei e a convivencia. Todos os grupos políticos con representación na Deputación de Lugo -PSdeG, BNG e PPdeG- acordaron aprobar ambos textos que pretenden erradicar calquera forma de violencia, discriminación e odio, e promover unha sociedade inclusiva e segura baseada na igualdade e nos dereitos humanos.

Ademais, a Deputación tamén amosa o seu apoio ás políticas públicas que protexen ás vítimas, fomentan os valores educativos e fortalecen a cohesión social. Así mesmo, pon en valor a importancia de manter unha colaboración activa entre as administracións locais, as forzas de seguridade e a sociedade civil para construír un entorno libre de explotación, racismo e calquera forma de discriminación.

No mesmo pleno, o PSdeG non logrou sacar adiante a moción na que pedía que Elena Candia, presidenta provincial do PP, deixase a política e pedise desculpas ás persoas afectadas pola Operación Pulpo, na que foi investigado o socialista José Ramón Gómez Besteiro, expresidente da Deputación. O BNG optou pola abstención, algo que o voceiro do PP, Antonio Ameijide, interpretou como “a soidade política de José Tomé”, ao que instou a dimitir directamente.

Licitadas as prestacións básicas de Centros de Atención a Maiores

A Xunta de Goberno aprobou a licitación dos contratos para a prestación dos servizos básicos nos 9 Centros de Atención a Maiores que a institución provincial ten en funcionamento por un importe conxunto de case 7 millóns de euros. Así o avanzou a Voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que “a duración do contrato será dun ano prorrogable por outras tres anualidades máis”.

Nestes contratos inclúese a cobertura na área de formación básica e instrumental, en actividades e programas, e tamén en servizos xerais para a promoción da autonomía persoal e a atención aos usuarios e usuarias como alimentos, bebidas, produtos de hixiene, etc. Ademais, inclúense os custos derivados da contratación de persoal necesario para dar cobertura a este tipo de prestacións: persoal de limpeza,



persoal de cociña e xerocultores e xerocultoras.

García Porto avanzou que son preto de 7 millóns de euros de orzamento que se licitan en contratos individuais para cada centro. “Estas cifras dan conta do gran esforzo investidor que estamos a facer para manter os

centros de atención a maiores que puxemos en marcha desde a institución provincial. Asegurando así os mellores coidados e as mellores condicións de vida e de benestar dos 293 usuarios e usuarias que atendemos nos nosos centros”, recalcou a voceira



Apoio a Raiolas Lugo

A nova xunta directiva da Asociación Raiolas Lugo, entidade que agrupa a pais, nais e persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) e trastornos de comunicación social, foi recibida polo presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca.

Durante o encontro, Tomé Roca salientou os 25 anos de labor “tan fundamental como necesario” que Raiolas Lugo leva desenvolvendo na atención das persoas con TEA e as súas familias. “Co seu traballo diario

tratan de mellorar a calidade de vida dos seus usuarios e usuarias, buscando a súa plena integración familiar e social”, subliñou o mandatario provincial.

O presidente destacou a estreita colaboración entre a Deputación de Lugo e Raiolas, que se plasma en proxectos como a gala solidaria Diez Raz10nes ou no apoio ao Centro de Día da entidade, cuxo local foi cedido e acondicionado pola institución provincial.

TERRA CHÁ

A Deputación adxudica varias obras de mellora en varias vías da comarca

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación de obras por máis de 500.000 euros para a mellora de dúas estradas provinciais ao seu paso polos concellos de Castro de Rei, A Pastoriza e Riotorto. Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, tras a reunión semanal celebrada no Pazo de San Marcos.

Informou sobre as actuacións adxudicadas para as diferentes estradas durante a sesión semanal, detallando que entre Castro de Rei e A Pastoriza, a Deputación adxudicou á empresa Cholo SL por 450.000€ as obras de acondicionamento de tres tramos da LU-P-1106, que é a vía que conecta Castro de Rei e Campo do Oso, na Pastoriza, por Reigosa.

Uns traballos, que terán un prazo de execución de un mes e medio, consistirán na reapertura de cunetas, acometerase unha canalización de formigón para a mellora da drenaxe ao inicio da estrada, a pavimentación con aglomerado en quente e a sinalización, para rehabilitar tres tramos dun total de case 10 quilómetros.

O primeiro esténdese desde o inicio da estrada, á altura da ponte sobre o río Azúmara, ata o punto quilométrico 7,682, na parroquia de Pacios (Castro de Rei). O segundo tramo intervirá ao seu paso pola parroquia da Reigosa, xa no termo municipal da Pastoriza, entre os puntos quilométricos 9,5 e 10. Por último, mellorarase tamén un treito dende a

rotonda de conexión coa LU-P-4401, á altura da Ermida, entre os quilómetros 10,5 e 11,74.

Así mesmo, a institución provincial adxudicou á empresa Obras y Saneamientos Galicia SL, por un importe superior aos 60.000 euros, a mellora do trazado en dúas curvas na LU-P-5501, que é a vía que vai de Meira a Riotorto, desde Riocabo ás Rodrigas. “Executaremos melloras en dous puntos desta vía á altura da parroquia de Ferreiravella, en Riotorto. Nunha curva situada no punto quilométrico 4,965 e outra a continuación, no 5,765”, subliñou Pilar García Porto.

As obras consistirán na execución do desmonte, a pavimentación e o balizamento correspondente. O prazo de execución será de 3 meses, desde o inicio das actuacións. “Estamos a actuar onde máis se precisa, atendendo demandas reais dos concellos e da veciñanza, e reforzando a cohesión territorial da provincia”, recalcou a Voceira Socialista quen lembrou o compromiso da Deputación coa mellora da mobilidade da provincia.

A Xunta de Goberno acordou tamén adxudicar por un importe de preto de 1 millóns de euros e o período de 2025-2027, o lote 8 do contrato de conservación e mantemento de estradas de titularidade provincial.

Porto concretou que o lote que se vén de adxudicar afecta aos concellos de Castro de Rei, Pol e Meira.

Rehabilitan a estrada que une as vilas de Vilalba a Abadín

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, desprazouse aos concellos de Vilalba e Abadín para supervisar, xunto coa alcaldesa vilalbesa, Marta Rouco, e con representantes municipais de ambos territorios, o resultado das obras de mellora executadas na estrada provincial LU-P-0106.

Esta vía conecta Corvite, na LU-113, con Martiñán, na N-634, e forma parte dun itinerario clave para a mobilidade e o desenvolvemento da comarca da Terra Chá. A intervención contou cun investimento próximo aos 200.000 euros e permitiu o acondicionamento de preto de catro quilómetros da calzada.

Segundo explicou Tomé Roca, os traballos centráronse en dous treitos concretos: desde o inicio da vía ata o punto quilométrico 0,687 e desde o quilómetro 2,920 ata o 6,043. As actuacións incluíron a reapertura de cunetas para mellorar a drenaxe, a pavimentación da estrada con aglomerado en quente para garantir unha condución máis segura e cómoda, e a renovación da sinalización horizontal con marcas reflexivas



brancas que incrementan a visibilidade, especialmente en condicións meteorolóxicas adversas.

O mandatario provincial subliñou que esta actuación supón un avance significativo nas comunicacións entre os municipios de Abadín e Vilalba, xa que a LU-P-0106 conecta a LU-113, que une Rozas con Abadín, coa estrada nacional N-634, unha das arterias viarias máis importantes do norte da provincia. A mellora da vía facilita os desprazamentos diarios tanto persoais como laborais, favorecendo a cohesión territorial. Ademais do seu valor funcional, a

estrada LU-P-0106 dá acceso a diversos recursos turísticos, patrimoniais e naturais da zona, como a Ruta dos Muíños, a igrexa de San Pedro de Aldixe ou as parroquias de Corvite, en Abadín, e Corvelle, que agora contan cunha conexión mellorada.

Esta intervención forma parte do compromiso da Deputación de Lugo coa mellora da rede viaria provincial, que supera os 4.200 quilómetros de lonxitude, entendida como unha ferramenta clave para garantir a igualdade de oportunidades, facilitar o acceso a servizos básicos e contribuír á fixación de poboación no rural.

Patiño alerta do peche de bares no rural e pide axuda ás administracións

O cura párroco de Momán e Labrada, Luis Ángel Rodríguez Patiño, lanza unha chamada de atención sobre o abandono do rural por parte das administracións, centrando o seu foco nun símbolo esencial da vida comunitaria: os bares. Segundo denuncia, a situación é especialmente preocupante na Galicia interior, onde estes establecementos non son só negocios, “senón verdadeiros centros sociais que vertebran a convivencia nas aldeas e parroquias”.

“Os bares na Galicia interior son un elemento clave na vida social e co-

munitaria dos pobos e aldeas. Cumpre un papel fundamental como centros de reunión e comunicación para os veciños”, sinala o sacerdote. Ante esta situación, o párroco lanza un claro chamamento ás administracións locais e provinciais para que se habiliten axudas económicas directas para evitar o peche destes negocios. Tamén demanda que se apliquen políticas fiscais diferenciadas, como redución de impostos para os bares rurais, e que se promova o turismo interior, como forma de revitalizar a actividade económica e social nestas zonas.



A CHMS actúa en máis de 35 quilómetros de ríos

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa coas tarefas de conservación e mellora dos leitos fluviais da súa demarcación, co obxectivo de facilitar a adaptación ao cambio climático e reducir o risco de inundacións.

Seis brigadas actúan nos concellos de Castro de Rei, Begonte, Monforte de Lemos e O Corgo, nos ríos Miño, Pequeno, Ladra, Chamoso e Cabe, sumando intervencións en máis de 35,4 quilómetros de cursos fluviais. Segundo explicou o presidente da

CHMS, os traballos están deseñados para conservar e restaurar a hidromorfloxía natural dos ríos, mellorando a súa capacidade de adaptación ao cambio climático. Tamén se pretende reducir o risco de inundacións en zonas urbanas, infraestruturas ou parcelas próximas ás ribeiras mediante accións silvícolas que permiten recuperar o bosque autóctono e eliminar barreiras artificiais que alteran a dinámica natural dos ríos. Ademais, levaranse a cabo intervencións de restauración hidrolóxico-forestal para controlar a erosión e protexer as marxes.

Incorpóranse novas asociacións veciñais á Federación

A Federación de Asociacións Veciñais da provincia de Lugo Lucus Augusti segue consolidando a súa presenza como referente do movemento veciñal tanto na cidade como no conxunto da provincia.

As entidades que solicitaron recentemente a súa adhesión son a Asociación de Veciños de Aiaz (O Saviñao), a Asociación de Veciños de Cela-Becerreá (Becerreá), a Asociación de Veciños e Comerciantes Poeta Díaz Castro do barrio do Castiñeiro (Lugo), a Asociación de Mulleres Rurais de Saldanxe-Amuruxe (A Pastoriza), a Asociación Deportiva de Pesca “Club Río Ladra” (Begonte), a Asociación de Veciños e Cultural “Augas Férreas de Vileiriz” (O Páramo), a Asociación de Maiores e Xubilados de Lugo e o Rural (Lugo), a Asociación Veciñal e Cultural Os Campaneiros (Cervantes), a Asociación de Veciños de Frexulfe do Valadouro (Alfoz), a Asociación de Veciños de San Salvador do Outeiro das Camoiras, a Asociación de Veciños de Mourence (Vilalba), a Asociación de Veciños de Codesido (Vilalba) e a Asociación Liga Santa-ballesa (Vilalba).

“Estamos a tecer unha rede regueifana que vai medrando”

Almudena Falcón, regueifeira e profesora desta disciplina no Basanta Silva

Creo que procede en primeiro lugar aclarar que é a Regueifa?

A regueifa é o xénero de improvisación oral en verso máis estendido actualmente na Galiza e está a vivir un momento de recuperación potentísimo. Pero tamén hai que ter en conta os brindos ou loias das terras do Courel, que tamén se están a recuperar. A regueifa e o brindo son os nosos xéneros de improvisación oral en verso, mais son moitos os que hai polo mundo adiante. Estrutúranse en coplas de catro versos octosílabos nos que riman os pares. Normalmente improvisan dúas ou máis persoas que se van contestando unhas ás outras, moitas veces no formato de controversia. Malia que tamén había regueifa recitada, o máis habitual é que se cante con melodías diferentes segundo a zona, ás veces tamén con acompañamento musical. É moi coñecida a melodía de Bergantiños, mais pódese improvisar con calquera base melódica como por exemplo a de “A saia da Carolina” ou calquera outra con versos octosílabos. Actualmente estamos a regueifar tamén sobre bases electrónicas.

No CEIP Basanta Silva están a recuperar mediante un proxecto as regueifas. Explíquenos un pouco en que consiste e como xurdiu a idea?

O proxecto “Espalla a regueifa pola Chaira” naceu no 2022, cando eu asumín no meu centro a coordinación do Equipo de Dinamización Lingüística, porque me parecía un xeito de fomentar a nosa lingua entre a rapazada nun formato moi lúdico e informal. A min sempre me gustou a regueifa, vía a no Luar de nena e admiraba ós vellos regueifeiros e tamén ás que comezaban daquela, as Garotas da Ribeira. No Antroido de Ansemar, xa cando eu era adolescente, cantábanse coplas e a min ocorríanse dende o público; sempre pedían xente que subise ó escenario para cantar, mais eu nunca me atrevía. Agora, levando preto de dúas décadas na docencia, o pánico escénico é menor. Son consciente de que non afino ben, pero o importante é botarlle ilusión e practicar moito. Eu fun aprendendo a improvisar canda o meu alumnado; non é o mesmo que poidas ter un anaco para pensar e escribir as coplas ca pensalas en segundos e cantalas no momento. Para iso hai que practicar moito, mais é coma todo, se che gusta, dedícaslle moito tempo. Teño alumnas que improvisan moito mellor ca min e dígoos con moito orgullo.

Que é o que estades a facer?

Como ben di o nome do proxecto, estamos espallando a regueifa pola nosa comarca, para visibilizala, para que a xente a coñeza e ter un pú-

blico interesado. Na práctica o que facemos é visitar colexios, institutos, centros de maiores e outras institucións para impartir obradoiros de regueifa nos que xente de todas as idades está aprendendo a improvisar. Mesmo en varias ocasións mesturamos nun mesmo obradoiro a xente pequena con adultas e funcionou xenial. Pásano ben, rin e viven un anaco desenfadado e acolledor. E iso é fermosísimo, non se pode explicar con palabras. Hai que ter en conta que o meu alumnado regueifeiro é o que imparte os obradoiros e fano de marabilla. Tamén facemos espectáculos nos que hai xogos de improvisación en centros educativos, prazas, feiras e romarías; ou en calquera lugar que se preste.

Canta xente está a involucrarse e por que Vilalba?

Actualmente hai un grupiño de sete mozas e mozos de entre 13 e 16 anos, mais houbo un curso no que fixemos unha liga de regueifa e anotáronse ata medio cento de participantes. Tamén estamos a levar a cabo un traballo de investigación sobre a improvisación na Terra Chá e están saíndo nomes de moitas persoas que inventaban coplas no momento e que se enfrontaban verbalmente ante un público. Xa que logo, a regueifa estivo viva aquí na nosa comarca e nós temos a misión de recuperala. A xente maior fala de coplas ou cántigas; as palabras “regueifa” e “regueifeiro/a” probablemente se transmitisen a través do programa Luar, que nas nosas bisbarras ten un público moi fiel dende os seus comezos, como todas sabemos.

Está a xente moza cobrando protagonismo nesta especialidade?

Por suposto, elas son as protagonistas. E digo elas porque son a amplí-

sima maioría; ós rapaces cústalles máis cantar en público, polo menos no noso centro. O profesorado que estamos traballando a improvisación oral tratamos de empoderar a rapazada, para que elas se autoxestionen e leven o temón deste barco regueifeiro. Son elas o presente e o futuro da nosa lingua e teñen que falar sobre a súa realidade. Cremos que a nova regueifa non debe continuar os temas trillados dos precedentes, senón que a xente nova ten que falar das súas vivencias, tendo moi presentes valores coma a igualdade, o ecoloxismo ou a defensa do idioma.

Como é o avance e que futuro ten?

Estamos a tecer unha rede regueifeira na que se enreda xente de todas as idades e de moitos puntos do país, unha rede que vai medrando grazas ao activismo e a ilusión de mestras e alumnas. Vemos o futuro con moita esperanza, xa que toda unha fornada de mozas e mozos que comezaron a improvisar nas aulas hai uns anos, grazas ao proxecto Regueifesta, xa se están a dedicar profesionalmente á regueifa, como é o caso das persoas que conforman o colectivo “Erre que Erre, Regueifa Rabuda”.

Estase dando visibilidade en lugares como Pardiñas. Estanse creando novas citas?

Pardiñas está a ser un referente moi importante para a regueifa adolescente nos últimos anos. Semella que o espectáculo está gustando a un público tan amplo e diverso como o que alí hai e coido que é porque a rapazada transmite moita forza ao cantar sobre temas de actualidade, reivindicando causas xustas nun ton desenfadado e divertido. O noso club de regueifa está a participar tamén noutras citas que se van repetindo anualmente, como é o Re-



gueifa Tour en Vilalba, a Regueifesta en Compostela, feiras coma Romaxe Artesá da Chaira en Muras ou a Feira do Capón e a Feira do Queixo en Vilalba.

Como se fai un regueifeiro?

Coma calquera deporte ou disciplina, precisase moita práctica; hai que botar moitas horas improvisando con xente próxima, colegas e familia, romperlles a cabeciña na casa cantando coplas. Mais, cando medra unha regueifeira é ante un público amplo, cando tes que dalo todo, pensar axiña, sacar coplas enxeñosas que fagan referencia á xente que está alí, ao momento, e que fagan graza. É coma unha deportista nunha competición. Debes confiar en ti mesma, ter sosego e sacar os versos do teu interior, con forza e con ilusión. Unha vez que ceibas pola gorxa os teus pensamentos en forma de canto, libérase, quedas satisfeita do que fixeches, dáche unha adrenalina brutal que tes que compartir coas compañeiras. E despois vén a festa, as conversas nas que poñemos en común como regueifamos, se nos apetece, ou simplemente cantamos

e bailamos xuntas. Ou choramos de emoción, que tamén pasa.

E como mestra, como se ensina?

Antes de ensinar debes aprender, así que ó principio asistín como alumna a todos os obradoiros de regueifa que puiden, ademais de ler moito sobre o tema, ver vídeos de xente regueifando, etc. Mais unha mestra non ten que ser unha grande regueifeira para ensinar ao seu alumnado a improvisar. Debe encherse de forza e tirar para adiante. Cando empecei a traballar co alumnado, non era capaz de improvisar as coplas sen escribilas e aínda así, como son moi teimuda, lanceime de cabeza, porque me gustaba. A xente nova aprende moi axiña con xogos nos que lles damos o verso de arrinque ou o pé forzado (o último) e deben compoñer a súa copla, ou con determinadas palabras. Mais a brincadeira que mellor funciona nos obradoiros é o que chamamos a “bomba”, que ten certa competitividade, pois fanse grupos pequenos nos que se guindan coplas unhas ás outras. Por iso nunca damos rematado o obradoiro á hora acordada, pois non paran de botar coplas e máis coplas. É marabilloso.

Cales son os proxectos a longo prazo?

Unha das nosas teimas é continuar as pescudas sobre a improvisación oral en verso na Terra Chá, recopilar nomes e historias de persoas que destacaron nese campo e, de camiño, investigar se tiñamos algún nome concreto para os cantos improvisados e as súas creadoras. E, por suposto, a nosa misión seguirá sendo espallar a regueifa pola nosa comarca, transmitíndoa á xente de todas as idades, subindo ao noso carro regueifeiro a máis rapazada e profesorado. Ese carro cantareiro leva por bandeiras a lingua e a identidade para que, como dixo o noso Manuel María, sigamos a falar “decote nesta música / na que canta Galiza dende sempre”.



A FONDO

O segredo da eterna xuventude, cada vez máis preto?

O proxecto RENACE busca os biomarcadores asociados ao envellecemento saudable nas persoas centenarias para avanzar na mellora da calidade de vida nas etapas máis avanzadas da existencia, especialmente superados os oitenta anos

Conseguir a inmortalidade foi sempre un tema recorrente en películas e libros, como un elemento de ficción do máis desexable, aínda que o feito de vivir para sempre non sexa do gusto de todos. Pero o que si se considera moito máis desexable é a prolongación da vida, aínda que non a calquera prezo; é importante que esta sexa de calidade.

Nos últimos anos, o que parecía un mito está a converterse xa en algo moi real. O segredo da mocidade xa non é tan segredo e está gardado polos nosos centenarios, aqueles amigos, veciños e familiares que, contra todo prognóstico, superaron os cen anos de vida.

Os nosos libros de historia demostrano e os datos estatísticos corroborano: a esperanza de vida de homes e mulleres aumenta, e faino de forma progresiva e imparale. Son os centenarios os que confirman este dato, aqueles que nos amosan que vivir por enriba dos cen anos está cada vez máis preto. E son tamén eles os que gardan no seu interior o segredo para chegar tan lonxe.

Para atopar ese segredo, púxose en marcha o proxecto RENACE, que ten como obxectivo final estudar esta lonxevidade nos nosos centenarios e poder extraer conclusións que poidamos aplicar na vida diaria para seguir o seu exemplo de cumprir anos.

Este proxecto RENACE (Rexistro Nacional de Centenarios de España) está a cargo dos doutores Pilar Rodríguez Ledo, Cristina Santomé Sánchez e Lorenzo Armenteros del Olmo, desde Lugo e para o resto do territorio nacional. Este proxecto tivo un pilotaxe hai dez anos, cando se estudou a un grupo de 70 centenarios. Agora a meta é máis ampla, quérese aumentar a información “na busca de biomarcadores asociados ao envellecemento activo, xa que seguramente os centenarios de agora non son exactamente os mesmos que os de hai dez anos”, explica o doutor Armenteros. Este estudo non só quere “coñecer”, tamén quere



poder asociar o envellecemento saudable a dar calidade de vida a eses anos.

Este estudo, que está promovido pola Sociedade Española de Médicos Xerais e que está na súa fase inicial, xa conseguiu un respaldo importante ao recibir un dos primeiros Premios de Investigación en Saúde Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.

Que o fai diferente esta vez?

Algo tan complexo como que no estudo participan especialistas en enfermaría, internistas, xeriatras e pacientes de forma conxunta, aplicando biomarcadores asociados ao envellecemento saudable, que se unirán aos datos clínicos, epidemiolóxicos e sociosanitarios. O proxecto, de feito, está a traballar agora mesmo en crear esa rede de investigadores por toda España.

VIVIR 150 ANOS

O doutor Armenteros avanza que o aumento da esperanza de vida é tan rápido que se estima que se podería chegar a vivir unha media de entre 125 e 150 anos no próximo século. De feito, a OMS estima que os centenarios se van multiplicar por 12 en 50 anos, ou por 15 en Europa, especialmente en Galicia, onde a porcentaxe de

persoas lonxevas é moi elevada. Pero como explica o doutor Armenteros, se a natureza segue o seu curso, “serán moi poucos os escollidos que cheguen a esta idade cunha calidade o suficientemente boa para desfrutar deses anos que están vivindo de máis”. Para poder mellorar iso, teñen claro que hai que comezar desde agora a educar en hábitos saudables, porque ese é o gran segredo “para que a nosa vida, se é máis longa, sexa mellor”.

Neste punto destaca que os enfermos de Alzheimer viven moito, aínda que se descoñece a razón, pero a súa calidade non é boa ao estaren desconectados do mundo. “O que temos que facer desde o sistema sanitario e sociosanitario é dar calidade de vida a eses anos”, engade o doutor. E exemplifica coa osteoporose, unha enfermidade que aparece na vellez, pero que está condicionada polos hábitos dos primeiros 20 anos de vida.

O gran problema é que se sabe que a nosa vida actual non vai axudar a darnos esa calidade: o estrés, as comidas pouco controladas e o sedentarismo son contrarios a un futuro saudable, por iso a aposta segue a ser educar aos mozos “xa que nos adultos a expe-

riencia dinos que é un fracaso”.

OS TRES PIARES

Como explica Armenteros, o segredo para unha vida longa e de calidade está no coidado de tres piares fundamentais: o sono, a actividade física e a alimentación. “Hai estudos previos que nos din que o verdadeiro segredo é a vida saudable, nin a medicación nin a protección cardíaca”, recalca Armenteros.

Con este novo estudo búscase tamén estudar aos novos centenarios, que tiveron experiencias vitais moi diferentes daqueles que tiñan esta idade hai dez anos. É dicir, estudar o seu pasado e o seu tipo de vida. Nos primeiros indicios, o volume de centenarios é maior nas grandes cidades, pero observaron que a maior parte deles eran persoas que viñan do ámbito rural e migraron ao urbano, cunha vida activa, tanto física como intelectual, e unha alimentación natural.

Xunto a isto, tamén se estudará se existe un condicionante xenético para esta lonxevidade, pero segundo as primeiras aproximacións, si tería peso, pero só nun 15 %, “pero é o entorno o que ten realmente peso”, engade.

O sono, a actividade física e a alimentación son os tres piares básicos nos que se debe educar para acadar, nun futuro próximo, unha esperanza de vida de ata 150 anos





Galicia supera os dous mil centenarios e podería pasar a formar parte da rede de zonas azuis de lonxeidade excepcional que existen no mundo

DE CARA AO FUTURO

Ademais da educación desde a infancia en hábitos saudables, as conclusións médicas din que hai que cambiar a atención sanitaria e tamén a sociosanitaria para as persoas maiores. A aposta está por centros de coidado que lles permitan seguir levando a vida que tiñan e manter a independencia, na procura da felicidade, outro eixe moi importante para dar calidade de vida.

“Sabemos xa como se envellece, a nivel bioquímico, polo tanto podemos lograr, non a inmortalidade pero si ter un maior control”, avanza Armenteros.

Para apostar polo futuro, a idea é coñecer o presente e o pasado. No estudo realizado en 2011 xa se obtiveron resultados importantes sobre estas persoas lonxevas. Entre as coincidencias positivas atopadas estaba a inexistencia de alteracións metabólicas, como a diabetes, ou a falta de tumores, “o que nos leva a pensar en que tiñan unha boa defensa inmunolóxica”. Pero tamén é certo que todos coincidían en ter artrose e hipertensión

O CASO GALEGO

Galicia é un dos lugares de Europa onde existe un volume máis elevado de centenarios, estimándose que roldan os 2.000. De feito, está preto de conseguir a certificación para sumarse ás cinco zonas azuis de lonxeidade excepcional do mundo.

Este listado está encabezado por Okinawa (Xapón) e Cerdeña (Italia), pero Galicia xa acada unha taxa de 75 centenarios por cada 100.000 habitantes, e dentro de Galicia, a provincia de Ourense lidera a estatística. Ademais, os índices de enfermidades coronarias, de cancro e de demencia senil nestes lugares son sensiblemente inferiores aos do resto do mundo.

O recoñecemento aos nosos lonxevos é habitual nalgúns concellos galegos, que non pasan por alto os seus aniversarios, facéndolles un agasallo. Na provincia de Lugo é moi habitual facer esta acción e debido ao aumento dos mesmos. É unha acción coa que se quere deixar claro un respecto pero tamén algo do noso desexo de chegar ata tan avanzada idade, pero de facelo, facelo ben!



ONDE ESTÁN OS CENTENEARIOS?

As zonas azuis son áreas xeográficas do mundo nas que a poboación conta cun elevado número de persoas centenarias, un concepto acuñado por Dan Buettner.

A proporción de persoas centenarias é un indicador que pode amosar dunha maneira máis clara esa variabilidade xeográfica.


En España identificáronse 48 UT que parecen ser zonas azuis, con poboacións que superan as 7,5 persoas centenarias por cada 10.000 habitantes en 2020.

O concello asturiano de Llanes, cunha poboación envellecida pola emigración, ostenta o récord de lonxeidade feminina entre os municipios máis poboados de España, con 29 mulleres centenarias por cada 10.000.

O territorio coa maior lonxeidade poboacional do Estado atópase no cuadrante noroccidental peninsular. Unha UT situada ao noroeste, que inclúe os concellos menos poboados e máis rurais das provincias de León, Asturias, Lugo e Ourense. En conxunto suma máis de 60.000 habitantes e conta con 12,5 persoas centenarias por cada 10.000.

Lalín (Pontevedra) e Monforte de Lemos (Lugo), con arredor de 20.000 e 19.000 habitantes, teñen 12,9 e 11,4 persoas centenarias respectivamente. Incluso Ourense, con máis de 100.000 habitantes e 7,9 centenarios por cada 10.000, destaca como a cuarta capital provincial con maior lonxeidade.

Llanes presenta unha das proporcións máis altas de España, con 16,3 centenarios por cada 10.000. Tamén destacan pola súa elevada lonxeidade poboacional o oeste de Galicia, tres UT formadas polos municipios máis rurais de Castela e León —excluíndo León— e zonas menos poboadas de Huesca, con entre 9 e 10 centenarios por cada 10.000 habitantes. É tamén o caso de



Ciudad Rodrigo, con 10 centenarios por cada 10.000 habitantes. Outras áreas máis rurais de Cantabria, Extremadura, Castela-A Mancha (agás Toledo), Zaragoza, Teruel e Lleida presentan proporcións entre 5 e 7.

A metade das 691 UT presenta unha lonxeidade poboacional baixa (menos de 2,5 centenarios por cada 10.000 habitantes), afectando o 86 % das UT no caso dos homes e só o 27 % no das mulleres.

O sur e sueste de España constitúen o extremo oposto, con proporcións moi baixas, inferiores a 5 centenarios por cada 10.000 habitantes, menos da metade da rexistrada no noroeste. Isto acontece en todos os municipios andaluces e nas provincias da costa mediterránea, Baleares, centro peninsular, País Vasco, Navarra e Canarias, así como noutros municipios poboados. En moitas destas áreas a proporción non supera os 2,5 por cada 10.000.

Porén, existen “illas de lonxeidade” no sur. Baena (Córdoba) e Baza (Granada), con arredor de 20.000 habitantes, presentan 17,9 e 11,3 centenarios por cada 10.000 habitantes. Tamén destacan Málaga capital e Coín, con 8,2 e 9,7

respectivamente. Isto contrasta co predominio de proporcións menores de 5 ou incluso 3 por cada 10.000 habitantes.

Na UT do noroeste, así como nas UT de Castela e León e Huesca, a proporción de mulleres centenarias está entre 15 e 20 por cada 10.000, moi superior á dos homes. Lalín e o oeste de Galicia presentan 16,4 e 13,7 mulleres centenarias por cada 10.000. Llanes alcanza o récord: 28,9 por cada 10.000. As UT máis rurais de Guadalaxara e Cuenca teñen 11,3 centenarias por cada 10.000 mulleres.

Pola contra, Andalucía occidental, a Comunidade Valenciana e Baleares, entre outras, presentan menos de 5 centenarios por cada 10.000. Baena destaca con 20,2 centenarias, seguida por Málaga (10,3) e Baza (11,1).

Finalmente, a UT do noroeste mostra unha lonxeidade masculina notable, con 6,4 centenarios por cada 10.000 homes, semellante á do oeste de Galicia e dunha UT adxacente composta polos municipios máis rurais de Zamora, Salamanca e Valladolid, que superan os 5 centenarios por cada 10.000 homes. Destacan tamén Lalín (9,1), Valdés (9) e Monforte de Lemos (8).

DEPORTES

Os irmáns Igrexa Vila brillaron na Pastoriza

A Pastoriza viviu unha xornada deportiva marcada pola alta participación e o bo ambiente coa celebración da segunda edición da súa carreira popular, que logrou reunir a máis de 400 persoas entre corredores e participantes na andaina paralela. Nesta edición, os grandes protagonistas foron os irmáns Igrexa Vila, que deron un paso á fronte na clasificación. Álex foi o máis rápido en completar os sete quilómetros do percorrido, acadando a vitoria con autoridade, mentres que a súa irmá Lorena destacou na categoría feminina, logrando tamén o primeiro posto e subindo ao máis alto do podio. Na carreira masculina absoluta, o atleta local do Lucus Caixa Rural completou o trazado en 23 minutos e 40 segundos, seguido de Adrián Suárez, do Lugo Running Club, e Manoliño Besteiro, do Atletismo A Gándara,

que cruzaron a meta xuntos cun tempo de 24.21. Na categoría feminina, Lorena Igrexa venceu en sub-20 cun tempo de 31.30, mentres que a segunda posición foi para a local Miriam Folgueira, que acadou o primeiro posto na categoría sénior. A carreira tamén premiou a outros atletas destacados nas distintas categorías: Nuria Fernández, da Fonsagrada, foi a mellor en máster feminino, mentres que en máster masculino destacaron Álvaro Pico, de Barreiros, e Óscar Murado, de Riotorto. En categorías de base, Martiño Outeiro e Helia García (Ría de Foz) foron os máis rápidos en sub-14 e sub-16, mentres que Roi Regueiro e Mara González impuxéronse en sub-10 e sub-12. A carreira popular da Pastoriza pechou a súa segunda edición con gran éxito de participación.



O Vilalbés inicia a pretempada con continuidade e novo adestrador

O Racing Club Vilalbés botou a andar de cara á tempada 2025-2026 e fai no cunha mestura de continuidade e renovación. A gran novidade está no banco: Juan Rodríguez, natural de Chantada e ata o de agora coordinador da base do club, asume o reto de dirixir o primeiro equipo en Terceira RFEF. Estará acompañado por Roberto Freire como segundo adestrador. O técnico estrearse ao mando dunha plantilla cun claro obxectivo: asegurar a permanencia. Así o manifestaron tanto el como o presidente, Juan José Vázquez Carreira, durante a presentación oficial do equipo. “Traballo e ilusión non van faltar”, asegurou Rodríguez, mentres que o presidente apelou ao compromiso dos xogadores desexando “un ano sen lesións e con moitos éxitos”. A dirección deportiva decidiu apostar pola estabilidade, renovando a 13 futbolistas que xa formaban parte do equipo: Santomé, López, Ca-

dra, Vérez, Buyo, Javi e Jose Varela, Make, Martín da Lama, David García, Javi Rey, Anthony e Borja Míguez. A estes súmanse tres novas fichaxes: Pablo Trigo, dianteiro procedente do Bergantiños; Álvaro Herrero, extremo que chega do Polvorín; e Sergio Otero, centrocampista fichado do Somozas. Ademais, nove xogadores do filial formarán parte da dinámica do primeiro equipo, mentres que os xuvenís Yago Miguélez e Edu Reigosa darán o salto de categoría. O calendario de preparación inclúe oito encontros amigables antes do inicio oficial da liga, previsto para o 7 de setembro na Madalena fronte ao Alondras. O primeiro compromiso será o 6 de agosto contra o San Tirso en Vilalba. No mesmo escenario xogarán tamén ante o Burela (día 20), Bergantiños (23), Sarriana (27) e Lemos (30). Completan a pretempada os partidos fóra da casa fronte ao Silva (9 de agosto) e o Arteixo (15).

O club confía en que esta combinación de experiencia, canteira e novas incorporacións permita afrontar con garantías unha nova campaña en Terceira RFEF.

GENUINE. O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente do Racing, Francisco Ruiz Rey, asinaron no campo de fútbol A Roca un convenio de colaboración mediante o que a institución provincial achega 3.800 euros para dotar de equipamento completo ao equipo Real Racing Club Genuine Vilalba. Grazas a esta contribución, o club poderá adquirir equipacións de xogo, de adestramento e de viaxe, ademais de balóns e material técnico deportivo, fundamentais para o funcionamento do equipo e a súa participación na Liga A Nosa Champions, unha competición autonómica inclusiva promovida pola Real Federación Galega de Fútbol.

Begonte celebra a final de mes a quinta edición do seu torneo de pádel

Begonte continúa coa programación deportiva e cultural de verán coa celebración do V Torneo de Pádel que terá lugar os días 29, 30 e 31 de agosto. A organización estableceu un prezo de 20 euros por parella. Todo aquel que queira participar, debe inscribirse do 15 de xullo ao 22 de agosto cubrindo a folla de inscrición e aboando a cantidade no concello.

Establécese a categoría libre (masculina, feminina ou mixta) e a organización ten un welcome pack de agasallo, seguro de accidentes, bolas a cargo da organización e reparto de augas. Haberá premios para os dous primeiros clasificados do cadro de honra e os 2 primeiros do cadro de consolación. A inscrición pode facerse no Whatsapp 619 455 026.

A SD Pol creará esta tempada un equipo filial e impulsará a canteira

A SD Pol vén de dar a coñecer o novo proxecto do equipo filial, unha firme aposta pola base e polo futuro deportivo da entidade. A iniciativa, que nace coa vontade de consolidar unha estrutura sólida e con continuidade, estará encabezada por Luis Romy, que tamén asumirá a coordinación do fútbol base. Romy, veciño de Pol e profundo coñecedor da contorna e dos valores do club, chega tras dirixir o equipo xuvenil do CD Castro e acumular experiencia en diferentes funcións noutros clubs da comarca. Desde a directiva transmítese plena confianza no seu traballo e capacidade para liderar esta nova etapa. O obxectivo principal deste proxecto

é reforzar a canteira, promover o talento local e construír un modelo deportivo con raíces na comunidade. “Queremos que sexa un proxecto vencellado á localidade, que ilusione á xente de aquí e abra as portas a todas aquelas persoas da contorna que desexen sumar e formar parte desta aposta”, sinalan desde a directiva. Nos próximos días, o club anunciará os xogadores que formarán parte deste novo equipo filial, chamado a ser unha peza clave no desenvolvemento e crecemento do proxecto deportivo. A BASE. A SD Pol vén de abrir o período de inscrición para o seu fútbol



base, dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2012 e 2019. A entidade convida ás familias a formar parte dun proxecto deportivo que aposta pola formación integral dos máis pequenos, nun entorno próximo no que se destacan os valores, o compañeirismo e o crecemento persoal a través do deporte. O club conta cun equipo de adestradores titulados e con ampla experiencia, garantindo unha aprendizaxe adaptada e de calidade para todas as idades.

LOITA

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Deportes, Paula Vigo, recibiron a José Cuba na Casa do Concello. Tratouse dun encontro para poñer en valor o seu recente vixésimo título de campión de España en loita e conversar sobre a súa traxectoria deportiva, a evolución e as dificultades da mesma.

“A fortaleza do fútbol sala na zona e indiscutible, cun potencial enorme”

Manuel Martínez, adestrador do equipo masculino do Castro FS

Cantos equipos masculinos ten o Castro FS actualmente?

Agora mesmo Castro ten o equipo sénior masculino, o xuvenil, o cadete e o alevín. Estamos en proxecto de intentar facer un filial para aqueles xuvenís que pasan ou algúns dos que quedaron este ano fóra do cadro de xogadores para que poidan seguir xogando con nos.

Fáganos un balance da tempada, porque foi moi boa.

O balance non se pode catalogar nada máis que como positivo. Evidentemente, cando conseguimos un ascenso un mes antes de que termine a Liga e a Copa Deputación, que eran os dous premios aos que podíamos optar, nada que dicir. A verdade é que o equipo estaba para ascender directo, sen *play off* nin nada, ademais de para ganar a Copa Deputación. Así é certo que, en todos os campos aos que íamos, eramos o rival a bater, fomos moi superiores ao resto na categoría e así se demostrou. Entón, nós o que intentamos é que veñan promocionar para que poidan seguir saíndo rapaces de abaixo e que non sexa inaccesible poder chegar algún día a primeira estes equipos, como estaba sendo ata agora.

Cóntenos tamén cando xurde o apartado masculino e como foi a progresión.

O masculino é de vida curta, dos dez anos que leva o club, masculino só houbo tres na categoría sénior. Era un equipo daquela maneira, con pouco rigor e seriedade, fíxose máis que nada por darlle oportunidades

á xente do pobo. Logo, o seguinte ano apareceu un equipo xuvenil e un cadete, pero, cando me enterei de como era aquilo a verdade e que me asustei. O que fixo a directiva foi abrir os brazos para que non quedaran os rapaces que querían xogar ao fútbol sala, malia que non había ninguén que dirixira iso porque, a parte do feminino que tiña os seus adestradores e a súa dirección, o masculino estaba un pouco nas mans de Dios, ata que cheguei eu o ano pasado para poñer un pouco de orde e, pouco a pouco a cousa xa vai collendo outro cariz.

Cando chega Manuel Martínez ao equipo e con obxectivos?

Eu cheguei un pouco sen búscalo, estiven en Lugo Sala as últimas dúas tempadas e a raíz dunha conversa con Marcos, que é o de Deportes Achega, díxome que o Castro andaba a buscar un adestrador ou finiquitar co equipo, entón fun falar coa directiva, que eu xa a coñecía e en cinco minutos chegamos a un acordo. Déronme total liberdade para facer o equipo, de feito, viñeron nove xogadores de fóra de Castro e unicamente mantivéronse catro. A estrutura que se fixo é de xente da miña confianza, tanto de Guitiriz como de Lugo, Rábade e Baamonde, é dicir, xente que estivo comigo noutros sitios ou outra que, aínda que non estivo comigo, cría no proxecto. A partir de aí xa me deron un pouco máis de responsabilidade para que coordinase toda a parte masculina, levando tamén o xuvenil, o cal custou arrincalo porque tiña bastantes

problemas internos, entón houbo que facer limpeza.

Cal e o obxectivo para o ano que vén? Van seguir crescendo no apartado masculino?

O obxectivo que nos marcamos o ano que ven é o *play off*, non se considera un fracaso non telo xogado este ano porque cando un equipo traballa, ten sacrificio e compromiso pois non se pode catalogalo desa maneira, malia que, o plantel que estamos creando coa base sólida do ano pasado son xente experta, a cal estivo en Preferente ou en Terceira e, a pouco que nos respecten un pouco e a xente siga tendo o mesmo compromiso que o ano pasado, o equipo debería estar loitando polo *play off*. E medrando en equipos, a parte do sénior, xuvenil e cadete que xa se consolidaron, imos sacar un alevín, que posiblemente saia adiante sen problema ningún porque xa hai xente apuntada. A maiores, imos sacar un filial na liga local de Lugo, para aqueles xogadores que non dan para o primeiro equipo e así non deixar sen oportunidades á xuventude do pobo.

Como se convive cun club cun prestixio forte como o Castro feminino?

A convivencia é boa, ata agora tivemos moi boa relación. Adestrábase o luns e o xoves despois do equipo feminino e, de feito a final de tempada fixemos unha cea en conxunto así como un partido entre nós, ben é certo, salvando as distancias xa que non deixa de ser unha liga profesional a delas e a nosa unha amateur. Intentamos apoiálas sem-



pre, igual que elas a nós. Aínda que sexa unha estrutura feminina por un lado e unha masculina por outra, inténtase que sexa un total de equipos Castro FS. Coas categorías de base feminino é exactamente igual e co primeiro equipo este ano foi un éxito o que fixeron e esperamos que para o ano sigan mellorando xa que, ao final todo o que sexa repercusión deles e repercusión para o club.

Que necesidades teñen de cara á próxima tempada?

A directiva con nós portouse de marabilla, cumpriu con todo o pactado en canto a temas de pavillón, de infraestruturas, de material; a verdade, nese sentido non temos problema. O único inconveniente que ten o club é ter un pavillón novo, porque o que hai quedase moi pequeno, de feito temos que ir adestrar ás veces a Cospeito porque non hai suficientes horas alí e, a parte, a RFEF lles esixe certas cousas que non cumpre, malia que tanto a directiva como a Xunta e o Concello están loitando duramente para poder intentar que Castro poida ter un pavillón novo.

Vai cambiar o equipo principal? Calles son as novidades e fichaxes?

O equipo na base vai ser o mesmo

que o do ano pasado. O que fixen foi manter o bloque porque temos un grupo estupendo tanto no aspecto deportivo como no aspecto persoal; de feito, renovaron todos menos dúas persoas que por diferentes motivos causan baixa. Dúas fichaxes están confirmadas, Samuel, un rapaz do Casás, e Jesús Mujín, un porteiro de ampla experiencia que estivo estas últimas tempadas no Lugo Sala.

Ten fortaleza o fútbol sala na Terra Chá?

A fortaleza na Terra Chá do fútbol sala é indiscutible. Temos dous equipos en Segunda B, Begonte e Vilalba; dous en Terceira, Outeiro e Guitiriz; logo en Preferente están Castro, Rábade e Vilalba. O potencial é enorme. Non coñezo moitas zonas, e menos nun radio tan pequeno, con tantos equipos en categorías tanto en Preferente Terceira como en Segunda B, tanto masculino como feminino. De feito, Lugo capital non os ten, por moito que se busque, e tampouco se dá na parte do sur ou na Mariña. A nosa zona é moi potente, o noso club é dos que máis maratóns fai e para o Concello que os organiza son unha festa.

EN BREVE

XERMADE. O concello volverá acoller este mes o Trofeo de fútbol Manuel González Fernández, no que participarán os catro equipos de fútbol do termo municipal, o CD Xermade e o CD Cabreiros, que militan en Segunda autonómica; e o SD Cazás e SD Roupar, os dous de Terceira. Os catro loitarán pola Copa durante dous fins de semana.

Na primeira haberá dous partidos, o sábado 9 o Cabreiros-Roupar e o domingo 10 o Cazás-Xermade, ás 19.00 horas os dous, coas dúas primeiras eliminatorias. Os gañadores dos dous enfrontamentos loitarán polo título o domingo 17 ás 19.00 horas mentres que os perdedores farano o sábado 16 á mesma hora.

AS PONTES. As Pontes acollerá entre o 1 e 5 de setembro un campus de baloncesto, o cal chega á súa

XVI edición, organizado polo CB As Pontes en colaboración tamén co Concello. Haberá actividades de multideporte, iniciación a deportes alternativos, excursións e visitas de xogadores, adestradores e árbitros profesionais. A xornada dará comezo a partir das 10.00 horas e finalizará ás 18.00 horas. Todo aquel que se queira inscribir, pode facelo por mail en cbaspontes@gmail.com ou por teléfono no 619 831 897.

MEIRA. Convocada a sexta edición da Carreira Popular Vila de Meira, que terá lugar o sábado 9 de agosto a partir das 18.00 horas e con chegada á praza do Concello. Contará cunha carreira absoluta, para maiores de 18 anos, que percorreren 5,2 quilómetros, establecéndose tamén carreiras para as distintas categorías para os menores, que

van dende os pitufos, para os nados entre 2021 e 2023, ata a de cadete, para os de 2010 e 2011.

GUITIRIZ. A Asociación dos Vilares; celebra o 9 de agosto a XXXIII carreira popular. A proba comezará ás 11.00 horas coa recollida de dorsais, e ás 12:30 arrancará a categoría absoluta que será de 5 quilómetros, e na que haberá diferentes categorías. Ás 12:45 será a quenda das carreiras infantís. Ao rematar as diferentes probas farase entrega dos premios para os mellores participantes, ademais do agasallo conmemorativo para todos. Os premios serán para o primeiro atleta local e os tres gañadores ou gañadoras da carreira absoluta. Haberá avituallamento final para os atletas que rematen a proba, na zona habilitada pola organización.

Muras estrea este mes de agosto a carreira da Milla das Estrellas

A localidade de Muras contará este mes de agosto cunha nova actividade deportiva aproveitando o seu distintivo como concello *starlight*. Así, o día 16 do próximo mes terá lugar a I Milla das Estrelas Concello de Muras, que se celebrará a partir das 21.00 horas na praza do Concello.

Haberá competición para os máis pequenos, que se englobarán nas categorías de pitufos, Sub 10 e Sub 14 e que percorreren 250, 500 e mil metros, respectivamente. Ás 21.25 horas será a saída da absoluta masculina e dez minutos despois da absoluta feminina. Nos

dous casos teñen por diante un percorrido de 1.609 metros.

O prazo de inscrición para esta proba xa está aberto e ten como data final o 12 de agosto. Ten un prezo de 1 euro para os máis pequenos, de 2 para os outros dous grupos de menores e de 6 euros para os da absoluta. A inscrición farase a través da web ccnorte.com.

Haberá medallas para todos os pitufos que participen e para os tres primeiros clasificados no resto de categorías. Na absoluta tamén haberá trofeo e un agasallo para os gañadores.

COLABORACIÓN

A burocracia e a arte de converter o fácil en difícil por medio do inútil

O PUPITRE



Julio Díaz

Administracións educativas, desde hai xa décadas, tomaron unha deriva burocrática que fai que en moitas ocasións cheguemos a cuestionarnos que tipo de educación estamos a darlle ós/nos/as alumnos/as e si realmente, os estamos a preparar para afrontar os desafíos que un mundo laboral tan competitivo como temos lles vai esixir, ou, simplemente somos un oficinista máis na engrenaxe do noso centro educativo. “Se non se rexistra, non ocorre”, parece que o único que importa é que se vexa reflectido nun documento. Un exceso de papeis, formularios, trámites, actas, documentos, comunicados, proxectos curriculares, educativos... que como xa dixen imos incrementando. O tempo que os docentes dedicamos “ós papeis”

e procesos administrativos co fin de asegurar unha falsa calidade educativa que transparente o labor docente en detrimento dun bo labor educativo, como si iso fose preciso!!

Os docentes debemos cumprir o longo de todo un curso unha inxente cantidade de documentos administrativos que detraen o tempo da atención directa do alumnado, a preparación específica das clases e aos proxectos innovadores, sen que o docente teña constancia da súa utilidade para mellorar a calidade do proceso educativo. Nós queremos dar clase, e atender o mellor posible ao noso alumnado e non pasar “media vida” cubrindo e revisando documentos do que deben e debemos facer. Cantas veces se cobren só con fins estatísticos, cantas veces enchamos cuestionarios, formularios, planillas que ninguén le nin supervisa! Todo o que se fai ao redor da aula debe ser controlado, pero a maior parte das veces non co fin de mellorar o proceso de ensinanza-aprendi-

zaxe senón cun afán fiscalizador que nada achega a un ensino de calidade.

A deriva burocrática na que caeu a educación convértese nun problema que ameaza ser irresoluble, que ten empeñadas as administracións educativas en transformar os docentes en oficinistas e administrativos que xeren inxentes cantidades de datos que aproveitan para presentar estatísticas coas que poder demostrar mediante gráficos, diagramas, pictogramas, dossiers... a efectividade da súa xestión e que a nos como docentes nada nos achega na nosa capacidade de transmitir coñecementos e valores, que é a tarefa que a sociedade nos encomendou, facéndonos caer na impotencia e no desalento de vernos día tras día fiscalizados, sabendo que diso non depende o éxito ou fracaso educativo dos/nos/as alumnos/as.

Na escola burocrática, o procedemento é un fin en si mesmo. O bo docente xa non é o que ben sabe ou ben ensina, e o que



mellor cumpre o proceso administrativo establecido. QUE MÁGOA!

Debemos rematar XA esta “pandemia burocrática” analizando as razóns polas que o sistema educativo naufragou neste mar

de documentos e impresos e alcanzou as desproporcionadas dimensións que engulen os docentes nun sinsentido de xestións e tramitacións que o afastan do fin educador que a sociedade nos outorgou.


Precisamos con urxencia un cambio radical das nosas administracións que nos garantan que a nosa función principal é a docencia, deixando as tarefas administrativas para persoal especializado neses labores.

É imprescindible que non vexamos cercenada o noso insubstituíble labor de ensinar, con tediosas tarefas administrativas que constitúen a máis danosa agresión que se lle pode facer ao sistema educativo.

Gustárame rematar cunha frase de Carlos Castillo Peraza, escritor e periodista, que dicía: “A burocracia e a arte de converter o fácil en difícil por medio do inútil”.

Malos tempos...

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Para a Lirica, como dicía aquela mítica canción dos anos oitenta, que literalmente pretendía esa expresión describir momentos nos que a sensibilidade, a creatividade e a reflexión profunda quedaban superados por unha realidade focalizada no material e no superficial. Permitírame o fabuloso grupo da movida viguesa que cantaba o citado tema que o tomemos como referencia para referírmolos a algúns episodios que se estiveron a producir no sureste peninsular recentemente e que foron noticia nos medios de comunicación. Primeiramente, uns mozos agreden a un señor maior mentres outros gravan semellante valentía por un desafío viral –obxectivo acadado, sen dúbida-; os elementos en cuestión,

uns rapaces moi novos, de orixe magrebí, deixaron a vítima coa cara marcada polos golpes recibidos. A continuación, a reacción capitaneada e alentada desde certos ámbitos políticos e mediáticos, onde a consigna era a caza do inmigrante. Así, observamos como a localidade murciana de Torre Pacheco e todo o que alí acontecía fíxéronse tristemente famosos, sendo o tema principal de tertulias e noticieiros. Pero que sociedade estamos a construír, cumpriría preguntarse en voz alta. Que poden ter na cabeza uns raparigos de apenas vinte anos para decidir mallar nun home que podía ser o seu avó, gravallo como se fose unha película e difundir esas abominables imaxes a través das redes sociais; cal é a satisfacción que puideron levar dentro de si unha vez finalizada a súa actuación. Custa atopar respostas a estas cuestións.

Agora ben, analicemos a iniciativa dos que se auto proclaman

defensores da patria, os que convocaron as masas para acudir a ese municipio coa finalidade de poñer orde e protexer a poboación autóctona –a quen lle outorgan dita condición esta xente?...-. Acaso estes individuos, co seu discurso cargado de racismo e xenofobia, con repetición de falsedades e medias verdades, destrozando locais comerciais polo mero feito de ser rexentados por unha persoa estranxeira, ameazando e incluso pegando a un cativo que tiña uns trazos que o facían merecedor de castigo, van ser quen de resolver ou cando menos minorar algún dos problemas existentes... Apagar o lume con gasolina nunca resultou unha boa opción. E para exemplo, esta fórmula capitaneada por certos elementos que non son mellores cós agresores, os cales, por certo, si foron cazados, pero por quen corresponde, polas forzas e corpos de seguridade do estado, e postos á disposición do poder

O RECUNCHO DE CANELINA



xudicial, non por matóns que espallan odio alá por onde pasan. Focalizar toda a rabia sobre un determinado colectivo por unha acción concreta é un craso erro. Condutas como as sinaladas resultan impresentables nunha sociedade como a nosa e merecen ser condenadas sen ningún atenuante. A práctica da violencia debora ser desterrada e convi-

ña tratar de contrarrestar estas arengas que non solucionan nada.

Malos tempos para a lirica, sen dúbida que si. Menos mal que as palabras do propio Domingo, quen sufriu a agresión, cheas de sentido común, convidan a certo optimismo ante semellante desfeita. Tomemos exemplo deste home, que moito mellor nos irá.

No pasamento de Suso da Pena

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O pasado 22 de xuño faleceu, no Hospital Universitario Lucus Augusti o amigo Jesús Gómez Novo, que a pesar de nacer en Ferrol Terra, no lugar de Barallobre, O Rego da Moa, do concello de Fene, era moi coñecido e apreciado na parroquia dos Vilares de Díaz Castro, onde casou con Mari Luz Pardiñas e pasaba nesa parroquia grandes tempadas sempre que o seu traballo llo permitira, primeiro en Astano e mais tarde na Central Térmica ENDESA-ENEL, das Pontes de García Rodríguez. A súa honradez e bonhomía fixo que tamén fora moi coñecido e querido en todo o concello de Guitiriz, e na parroquia xermadense de Momán, onde tiña por costume ir ver os partidos de fútbol do Barcelona, o seu equipo preferido, e xogar a partida de tute. Ao chegar a estes lares integrouse totalmente nesta sociedade chairega e cando se xubilou veu vivir á casa da súa dona, na aldea da Pena, de aí que en todos

estes lugares era coñecido por “Suso da Pena”. Pero a pesar de estar integrado nesta sociedade chairega nunca renegou do seu curruncho nativo, conseguindo que a librería Castaños de Guitiriz lle trouxera diariamente a edición do periódico correspondente a Ferrol Terra e desprazábase todos os días a recollelo nesa librería da vila guitiricense. Un veciño de Momán asegurábame que amigo del había que selo á forza, pois el poñía todos os medios para que o foras e era imposible negarse a selo. Era un home moi aberto ao resto da sociedade e con outros veciños do concello fundaron a “Peña Culé” de Guitiriz, que coa “Peña Deportivista Bebel”, do Deportivo de A Coruña, son as máis activas do concello. Unha das súas virtudes mais prezadas era a solidariedade, a súa disposición a axudar a todos e todas, facer o que estivera nas súas mans para favorecer aos veciños e veciñas en todo o que puidera. Foi un bo profesional de fontanería e, como tal, pasou por moitas casas para reparar calentadores de auga, tubaxes, caldeiros e aparellos dos pozos, pero sempre desinteresadamente. Ten reparado e incluso instalado moitas



calefacciós en casas de amigos, sen outros intereses que afianzar a amizade e facer ben á veciñanza. Gustaba e disfrutaba das festas, ás que non quixo volver despois do pasamento da súa dona, que xa vai facer dous anos, porque

quedou moi afectado; pero antes acudía a todas as que se celebraban na parroquia dos Vilares e noutras dos arredores. Unha das preferidas era a Romaría Labrega da Chaira, que ten lugar na aldea do Cancelo o segundo sábado e domingo de agosto, á que acu-

día merendar na carballeira con unha grella e unha pequena neveira chea de botellas de viño, cervexas e licores cos que convidaba aos amigos e amigas que pasaran por onde el. Desfrutar da amizade e da camaradería era unha das súas obsesións e xunto cos amigos, Miguel Cancelo (Miguel de Minero), meu irmán Lito e o meu sobriño político Arturo, montaron na súa aira, na aldea da Pena, unha grella de pedra, unha mesa grande, tamén de pedra, para facer comidas cos amigos e unha rocha de granito en bruto de mais de dous metros de alto, que se pode ver desde a estrada do Merendero, a Guitiriz, na que puxo unha placa que di quen foron os construtores: “O Aparellador LITO RIO, o Arquitecto MIGUEL MINERO e os colaboradores SUSO e ARTURO”. Sempre os amigos en primeiro plano. Que a terra che sexa leve, prezado amigo, e dálle recordos a túa dona, aos nosos amigos, Antonio da Tolda, Miguel de Minero, Xosé de Nieves, e a outros amigos e amigas que tamén nos tiveron que deixar. Moitas grazas pola túa amizade e ata sempre, compañeiro.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN	
Concello:	982 50 80 21
Garda Civil:	982 50 80 11
Centro de Saúde:	982 50 81 22
A PASTORIZA	
Concello:	982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil:	982 34 90 20
Centro de Saúde:	982 33 21 41
AS PONTES	
Concello:	981 45 31 16
Policía Local:	981 45 31 91
Garda Civil:	981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa):	981 45 12 51
BEGONTE	
Concello:	982 39 61 43
Garda Civil:	982 39 80 08
Centro de Saúde:	982 39 69 02
CASTRO DE REI	
Concello:	982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil:	982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa)	982 21 10 18
Castro de Rei:	982 31 42 11
Ribeiras de Lea:	982 31 11 14

COSPEITO	
Concello:	982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil:	982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa):	982 52 01 20
Feira do Monte:	982 50 34 69
Consultorio de Muimenta:	982 50 40 57
FRIOL	
Concello:	982 37 50 01
Garda Civil :	982 37 50 02
Centro de Saúde:	982 37 10 98
Cita Previa	982 37 10 05
GUITIRIZ	
Concello:	982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil:	982 37 00 01
Centro de Saúde:	982 37 21 10
Parga P.A.C.:	982 37 05 00

MEIRA	
Concello:	982 33 01 02
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 35 69 27
Cita previa:	982 33 02 40
MURAS	
Concello:	982 50 00 01
Garda Civil:	982 50 00 20
Centro de Saúde:	982 50 01 23
OUTEIRO DE REI	
Concello:	982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil:	982 39 00 05
Ambulancia:	982 23 16 13
Centro de Saúde:	982 39 25 98
Cita previa:	982 39 32 67
P.A.C.:	982 39 34 00

POL	
Concello:	982 34 50 29
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 34 59 20 / 982 34 53 76
RÁBADA	
Concello:	982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil:	982 39 00 05
Centro de Saúde:	982 39 01 01
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63
VILALBA	
Concello:	982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local:	982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil:	982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa):	982 51 03 11
XERMADE	
Concello:	982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil:	982 50 10 08
Centro de Saúde:	982 50 11 34 / 982 50 10 55



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



DE RUTA EN RUTA

O Valadouro: Ruta dos Pozos

Un roteiro de tres quilómetros, sinxelo e apto para familias e mascotas, que parte dende a casa da cultura da localidade

Unha ruta sinxela de pouco máis de 3km (ida) que parte dende a Casa da Cultura e pasa por varios puntos de interese, como o Museo do Mel, a área recreativa do Batán, o Pozo das Moscas ata finalmente chegar ao Pozo da Onza, unha fermosa fervenza de 15m co seu remanso de auga. Apto para familias e mascotas. Comezase o roteiro en Tras do Río, por un camiño asfaltado ata chegar á ponte situada no lugar da Portela. Desde aquí seguirase por outro camiño de pescadores polo rego de Ferreira ata o Pozo das Moscas, onde ían bañarse antigamente os mozos. Continuando polo mesmo carreiro chegarase ata a ponte situada na Rexedreira. Unha vez aquí haberá que coller o camiño cara á dereita. A uns 300 metros chegarase ao cruzamento dos montes de Gandelo. Chegados a este punto o percorrido continúa polo primeiro carreiro situado á esquerda para atravesar montes de eucaliptos e piñeiros e tamén poderanse

atopar poboacións de mimosas, carballos e acivros.

Despois de percorrer aproximadamente quilómetro e medio, deberase cruzar un camiño asfaltado para continuar o itinerario por outro camiño que discorre por carballos e castiñeiros ata o rego de Valdeinfiernos (Val dos Infernos). A partir deste punto o carreiro seguirá río arriba, paralelo ao mesmo, ata chegar ao Pozo da Onza, onde se atopa unha fermosa fervenza duns 15 metros de altura.

O regreso deberá facerse polo mesmo carreiro ata unha ponte de pedra situado en Amarela. Desde aquí retomarase o camiño asfaltado durante o primeiro quilómetro, e posteriormente de terra, ata chegar de novo ao cruce dos montes de Gandelo, que levará aos sendeiristas novamente ata a ponte da Portela e, desde alí ao comezo do roteiro.



DATOS



3 horas

3,35 km.

Dificultade
fácil

CAP
TODOS LOS
MESES

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

**Formación
Bonificada**

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

**Cursos y
Certificados**

**GRUPO
FORMA-T**
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05